



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 112

Sesión plenaria
29 de abril de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Mocións

1.1 49108 (10/MOC-000138)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 31757, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

1.2 49122 (10/MOC-000139)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 29767, publicada no BOPG nº 299, do 03.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

1.3 49139 (10/MOC-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación nº 43462, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 09.04.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 11763 (10/PNP-001067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 144, do 12.07.2017

2.2 44048 (10/PNP-003282)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



2.3 44420 (10/PNP-003314)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos parques empresariais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

2.448318 (10/PNP-003655)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego na Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, co fin de regular a delimitación de vivenda baleira e establecer o dereito a tanteo e retracto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.5 48556 (10/PNP-003668)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización da empresa Unitono en Ourense, que presta servizos para Naturgy

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

2.6 48944 (10/PNP-003698)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa pena imposta na Audiencia Provincial da Coruña a un veciño de Lira (Carnota) por un incidente cun furtivo da comarca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.7 48955 (10/PNP-003699)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa tramitación dunha modificación do Regulamento xeral de costas referida aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

2.8 49151 (10/PNP-003716)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e trece deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da solicitude do Goberno galego ao Goberno central dunha resposta inmediata á proposta para a implantación do Estaleiro 4.0 de Navantia Ferrol vinculado ao programa de construción de cinco fragatas F-110.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019



Punto 3. Interpelacións

3.1 19848 (10/INT-000653)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

3.2 45516 (10/INT-001497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

3.3 47773 (10/INT-001585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a política do Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

Punto 4. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

4.1 49321 (10/POPX-000142)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia do clientelismo e da arbitrariedade na salvagarda dos intereses sociais e medioambientais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.2 49323 (10/POPX-000143)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a necesidade de cumprimento pola CRTVG da función de servizo público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

4.3 49324 (10/POPX-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019



Punto 5. Preguntas ao Goberno

5.1 45155 (10/POP-005390)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e nove deputados/as máis

Sobre a realización polos concellos de Ferrol e de Pontevedra dos trámites necesarios para a posta en marcha do transporte urbano a que están obrigados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

5.2 47999 (10/POP-005732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa prórroga da concesión outorgada a Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 27.03.2019

5.3 49291 (10/PUP-000242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante das últimas novidades xudiciais respecto da área de enerxía e minas da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.4 49320 (10/PUP-000243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para garantir o mantemento dos postos de traballo da empresa Unitono no concello de San Cibrao das Viñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

5.5 42908 (10/POP-005065)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os medios dos que dispón o Servizo Galego de Saúde para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

5.6 45406 (10/POP-005419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia en relación coa calidade da atención primaria no concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019



5.7 48507 (10/POP-005796)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento e acollemento polas familias das casas niño dende a súa posta en marcha

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.8 48738 (10/POP-005820)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia ao sindicato Xóvenes Agricultores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dezaseis e cincuenta e tres minutos da tarde.

O señor presidente comunica a inasistencia dos deputados don Pedro Puy e don Antonio Mouríño. (Páx. 9.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 9.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 12.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 13.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 15.)

Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 16.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos. (Primeiro punto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 18.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 22.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 24.)

A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 25.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria. (Primeiro punto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 30.), Sra. Miranda Pena (EM) (Páx. 31.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 33.)

Nova intervención do señora Prado Cores (BNG). (Páx. 35.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 37.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 38.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 43.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 47.)

A señora Santos Queiruga (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 48.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e D. José Manuel Pérez Seco, sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 50.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Fernández (S).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 54.) e *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 56.)

O señor Fernández Fernández (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e sete minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dezaseis e cincuenta e tres minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura. Xustificaron inasistencia don Pedro Puy e don Antonio Mouriño.

Como xa comentamos, había unha alteración da orde do día. Comezamos co punto primeiro, que neste caso é o de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral, en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi boas tardes.

Boas tardes tamén, señor conselleiro. Grazas por estar aquí.

As políticas públicas levadas adiante no medio rural durante os últimos anos demostráronse insuficientes para a prevención e a extinción de incendios, comezando primeiro polo abandono do propio medio, pola falta de investimento neste, o peche de moitos servizos públicos, a reforestación mediante especies alóctonas de ciclo curto, o abandono, a falta de coidados, así como unha política baseada na extinción e non na prevención.

Existe na Administración pública galega un discurso unicamente produtivista, en relación co monte, que é negativo en termos sociais, que é negativo tamén en termos ambientais, pero tamén insuficiente e precario en termos económicos. Por iso, cómpre mudar as nosas políticas de protección do territorio, as nosas políticas de protección do noso medio, prevención e extinción de incendios, avanzando cara a unha política de protección e conservación do monte galego como unha parte fundamental do noso ser social e como unha parte fundamental do noso ser económico.

Facendo unha análise pormenorizada da evolución incendiaria e da eficacia do dispositivo galego de prevención e extinción de incendios forestais, empregando para isto os datos do Ministerio de Medio Ambiente, chegamos á seguinte conclusión: a actividade incendiaria en Galiza é a máis alta de todo o territorio nacional, cuxo datos medios case son de mil incendios ao ano ata o ano 2005, cunha superficie media de incendio de case tres hectáreas, datos que demostran a altísima eficacia do dispositivo público, que ata esas datas era practicamente do 70 % do dispositivo global.



A partir do ano 2005, durante o sexenio seguinte prodúcese unha diminución considerable da actividade incendiaria, reducíndose o número de lumes totais —pasamos de preto de dez mil lumes ao ano a menos de cinco mil lumes ao ano de media—, pero, curiosamente, incrementábase neste período a superficie queimada por incendio, pasando das tres hectáreas a case seis e media.

A partir do ano 2011 ata o ano 2015 redúcese a actividade incendiaria aínda máis, pero, curiosamente, a superficie oscila entre 4,7 e 5,2 hectáreas/lume, cuns datos meteorolóxicos bastante favorables, alonxándonos de novo das taxas de eficacia da peor época incendiaria de Galicia.

Isto require unha análise profunda do asunto, no que percibimos catro causas principais. En primeiro lugar, o peso do servizo público de defensa contra incendios forestais no dispositivo total, o cal, nos peores anos de incendios do noso país, rozaba o 82 % do total do dispositivo, ata hoxe, onde vemos que entre as brigadas dos helicópteros, moitas brigadas dos concellos que están privatizadas, empresas privadas que operan tamén no dispositivo, UME, operación Centinela etc., estamos nun 40 %. Polo tanto, entendemos que canto máis atomizamos este dispositivo, peor eficacia do mesmo, por iso, como alternativa, dende En Marea plantexamos o retorno total do servizo público de defensa contra os incendios forestais á Xunta de Galicia.

Durante o ano 2016, segundo os datos do Ministerio de Medio Ambiente, atopamos algún dato positivo: a importante redución do número de lumes, 2.400. Así mesmo, observamos dúas cousas curiosas. Primeiro, a superficie total queimada, que é de 21.000 hectáreas, o que supón unha superficie queimada por lume de 8 hectáreas, que é o dato máis alto dos últimos vinte e oito anos. Parécenos preocupante esta perda de eficacia do dispositivo. Paralelamente, dos vinte e dous grandes incendios forestais que se produciron en España nese ano 2016, oito déronse na Galiza, sendo o 7 % da superficie do Estado. Polo tanto, algo grave está a pasar no territorio cando unha tipoloxía de lume máis frecuente noutras partes do Estado español comeza a darse con moita frecuencia no noso país.

O desmantelamento do servizo público levou consigo a redución importante da capacidade de vixilancia, ao pecharse preto do 50 % das casetas de vixilancia fixas que tiñamos espalladas polos nosos montes, quedando moitas veces o 085 de forma exclusiva como único elemento de información sobre incendios forestais para o dispositivo.

Debemos tamén, e así o pedimos nesta proposición non de lei, modificar o Decreto 37/2006, da listaxe de contratación, eliminando o guión, para que as traballadoras e traballadores de catro meses ata o ano pasado, de cinco posiblemente este ano, poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes. A respecto da posibilidade que ofrece a Administración, despois da modificación deste decreto, de poder facer substitucións para traballadoras e traballadores con xornadas inferiores á media xornada, é dicir, fixos discontinuos con carácter interino de catro meses o ano pasado, habería que sinalar que as opcións son moi peregrinas e complexas, posto que para poder acceder eles ou elas a unha praza de nove ou doce meses teñen necesariamente que renunciar á praza de tres meses, e despois ter que estar á espera de que se convoque temporalmente a mencionada praza de nove ou doce meses. Isto no hipotético caso de que se chegue a ocupar esa praza; ou sexa, que habería que contar cunha gran pun-



tuación ou que non se cubra por réxime interno mediante unha adscripción temporal. Nos demais supostos de renuncia á praza de tres meses, penalízase cun ano de expulsión das listas de contratación, e retornarase ás mesmas tras a previa solicitude e pago das taxas correspondentes.

Por outra banda, a Consellería de Medio Rural apenas rota as listas de contratación. Está tardando moito tempo en cubrir as prazas que quedan libres por motivo de baixa, por incapacidades, baixas temporais, enfermidades, maternidades, xubilacións etc., ou mesmo quedan sen cubrir ou deciden reconvertelas ou amortizalas.

Nos meses de inverno e de primavera, este ano toda a xeografía galega, nalgúns sitios con máis virulencia e noutros con menos, sufriu a lacra dos lumes. Certo é que as condicións meteorolóxicas ou as altas temperaturas non axudaron; houbo pouca precipitación, houbo vento de nordés, o estado de sequidade da biomasa e do solo estaba aí, o cal determinou que se produciran estas circunstancias e se provocara a ignición e a propagación dos incendios con suma facilidade. Todos estes factores poñen en evidencia a existencia dun claro factor de desestacionalización dos lumes, dos incendios forestais, e isto por desgraza cada vez vai ser máis frecuente. Agora xa non arde só no verán, senón tamén noutras épocas, nas que por cuestións da meteoroloxía e por mor do cambio climático que está a padecer o planeta teñen lugar a día de hoxe avalanchas de incendios forestais que provocan graves e cuantiosas perdas ecolóxicas, económicas e sociais.

En Marea pensamos que a consellería está a desaproveitar un capital humano que puidera ser empregado nas necesarias tarefas de prevención e protección das masas forestais, á parte da extinción, con base no aumento e diversificación das súas funcións pola súa contrastada experiencia e pola súa contrastada formación, pola súa eficacia.

En canto ás brigadas do servizo público, compostas teoricamente por sete bombeiros forestais, na práctica, debido ás vacantes non cubertas pola consellería, ás baixas, aos permisos e ao sistema de libranza, é moi frecuente chegar a lumes onde as brigadas, se cadra, contan con dous ou tres efectivos. Todo isto provoca que se concentre unha gran carga de traballo no persoal e que se pase de horas na súa xornada laboral, incidindo na propia seguridade dos e das traballadoras.

É por iso polo que En Marea presentamos esta moción, onde pedimos que se modifique ese Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e á contratación persoal de traballadores da Xunta de Galicia, para que as traballadoras e os traballadores da empresa pública Seaga poidan competir en igualdade de condicións, valorando a súa experiencia profesional.

Pedimos que a duración do contrato do persoal de reforzo para a campaña do verán do servizo de prevención e defensa se incremente sobre os catro meses actuais e sexan equiparados cos traballadores e traballadoras do persoal fixo descontínuo, isto é, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses. Tamén a creación de trinta prazas na relación de postos de traballo do medio rural e medio ambiente, na categoría de axentes forestais e medioam-



bientais, para reforzar as brigadas de investigación forestal. Isto foi algo que prometeu aquí o presidente Feijóo despois da vaga de lumes do ano 2017, foi algo que xa o presidente, no Debate do estado da Autonomía, anunciou que estaba feito, e a día de hoxe aínda nada se sabe deste tema.

E xa por último, financiar dunha forma axeitada os concellos para que as brigadas de bombeiros forestais teñan unhas condicións salariais dignas, así como a formación adecuada. E dicimos isto porque, se están a ofrecer o mesmo traballo, ou ben as extinguen e que ese persoal pase a formar parte do servizo público, ou se non, se están a facer o mesmo traballo que facemos os bombeiros do servizo público, que cobren exactamente o mesmo.

Pola miña parte, de momento, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

No ditame dos lumes, que nós non votamos a favor, falábase... Digo que nós non votamos a favor porque nolo vai dicir outra vez quen lle toque do Partido Popular. Querería dicir tamén nesta Cámara que no 2006 houbo unha vaga de lumes bastante seria e o Grupo Popular non participou nin sequera na comisión, pero iso non ten nada que ver. No grupo de expertos, nós preguntamos unha vez máis se lles fan caso ou para que foron postos, porque en realidade vostedes iniciaron a reestruturación do servizo de incendios antes de que emitiran ningunha conclusión.

Estamos ás portas dunha nova campaña e o dispositivo segue fragmentado. Non se cobren baixas, e isto xa é un vicio que vén moi de atrás porque hai cerca de dez anos que non cobren baixas. Dentro das recomendacións, nós insistimos, pero moito, en que tiña que ser un servizo público, tiña que ser único, tiña que ser formado e equipado e ademais estable economicamente, é dicir, salarialmente e en tempo.

A verdade, segue fragmentado, están facendo intencións. De todas maneiras saudamos que a baremación responda a igual traballo igual baremación, é dicir, que sexa —parece ser— uniforme, pero falta o decreto, e parece ser que o decreto non sae porque a RPT viña equivocada, porque parece ser que viña para un ano enteiro e resulta que... En fin, hai interpretacións a respecto disto e podería ser tildado de improvisación.

Concordamos, señor Estévez, en que as brigadas dos concellos deberían desaparecer, pero mentres non desaparezan, o que non pode ser é que estean como están. É dicir, hai concellos onde se lles paga digamos suficientemente e, polo tanto, quen concorre a esas brigadas é xente moito máis preparada, e hai concellos onde se paga mal e a xente que concorre, realmente, non paga moito a pena.



Vostedes xógano todo á extinción, e nós seguiremos insistindo —dende o Bloque Nacionalista somos moi teimosos— en que fai falta unha ordenación, fai falta descontinuidade, fai falta que o medio rural estea ocupado por xente para que se xestione, e fai falta diversidade nas masas forestais. Vostedes ségueno xogando todo á extinción e á sorte. Se a sorte vén, pois temos un ano tranquilo, e se a sorte non vén, pois temos desastres, como aconteceu agora, hai pouco, ou como aconteceu no 2017.

Parécenos realmente prioritario e urxente —digan o que digan os expertos— que doten de prazas as brigadas de investigación forestal. É necesario que persoal cualificado poida discernir e investigar a que se deben os lumes que acontecen; sobre todo cando temos cantidade de lumes outra vez. E o cambio climático está aí e, por desgraza, vainos dar moito que investigar.

Eu queredalle recordar, señor conselleiro, que o outro día, na Comisión 7ª, se votou en contra dunha xestión que o Bloque pedía. O Bloque pide que fagan algo e que xestionen na Rede Natura e no parque natural de alá de riba, na montaña de Lugo, onde a neve de cedo fixo estragos e onde deixou a Rede Natura chea de leña seca e de carballos e demais especies tronzadas e esgazadas que son un perigo fitosanitario e un perigo para o lume. Sobre todo, teñen a oportunidade de facer algo de silvicultura e de que á xente que habita aquela zona, que moitas veces sofre as condicións da Rede Natura, en certa maneira lle sexa transmitido que a sociedade galega considera aquilo un tesouro e que aquela xente debe participar tamén nese tesouro, e é o momento para que esa xente axude e coaxude á xestión desa masa que está cortada.

Por suposto que apoiaremos a PNL.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todas e a todos. Boa tarde tamén, señor conselleiro.

Quero comezar a miña intervención, como sempre que debatemos iniciativas sobre incendios forestais, resaltando e loando, en nome do Grupo Socialista, a implicación, a adicación e o compromiso de todos os traballadores e traballadoras que conforman o dispositivo de loita contra os incendios forestais.

A derradeira mostra desa implicación vivímola recentemente, na vaga de lumes deste primeiro trimestre de 2019, e nomeadamente no incendio de Dodro-Rianxo, no que se quemaron máis de mil hectáreas. Neste incendio singular, con múltiples características, as traballadoras e traballadores do dispositivo deron o mellor de si mesmos no labor de extin-



guir o lume e con iso protexer a veciñanza e protexer tamén o noso territorio. Vaia para eles e para elas o noso recoñecemento e tamén o noso agradecemento.

Señorías, nos tres primeiros meses de 2019 —xaneiro, febreiro e marzo, pleno inverno— Galicia foi escenario dunha intensa actividade incendiaria, espallada ao longo e ancho de todo o noso territorio. Non semella que o inverno 2019 nin o outono 2017 sexan épocas habituais para os incendios forestais, pero xa están aquí entre nós, sen distinguir estatísticas nin territorios.

Os incendios xa non entenden de temporadas, son imprevisibles; e sono na súa aparición temporal, pero tamén o son na súa aparición xeográfica. E xa empezan, desgraciadamente, a ser previsibles na súa actitude e comportamento. Estes incendios destacan pola súa virulencia, intensidade e capacidade destrutiva.

Os expertos veñen alertando dende hai tempo de que este tipo de lumes, agresivos e desestacionalizados, xa están en Galicia para quedarse, e provocan pánico, medo, desgrazas, desaloxo de centros escolares, de centros sanitarios, cortes de tráfico en estradas e autoestradas e impotencia xeneralizada.

Ademais, a esta situación de por si xa preocupante polo comportamento dos novos lumes hai que engadir outras alertas xa anunciadas polos expertos. Por exemplo, que no ano 2050, na provincia de Ourense, choverá a metade do que chove na actualidade; e poñendo como novo exemplo —valla a redundancia— a miña provincia, Ourense camiña cara a un futuro con dúas únicas estacións: inverno e verán.

Os novos lumes, máis vigorosos, máis destrutivos, desestacionalizados, xa están con nós para quedarse, como alertan moitos expertos. Non entenden de temporadas de acción, son impredecibles no momento que chegan e no lugar que deciden actuar, e este é un risco físico que debemos recoñecer e actuar en consecuencia.

Hai actuacións que seguramente non poidamos abordar individualmente, como cambios meteorolóxicos ou cambios climáticos, que soamente é posible afrontalos conxuntamente. Pero hai outras actuacións que si podemos levar a cabo, e recorrer ao método de intencionado non é suficiente; mellor dito, sobre todo non é eficiente. Si é eficiente facer o traballo de campo no tempo oportuno e coa intensidade necesaria para ter os montes preparados cando chegan os máximos riscos. Como é eficiente e imprescindible unha avaliación permanente da política de incendios, que debe comezar por unha análise rigorosa de erros e acertos en cada un dos lumes, e que non se está a facer.

Nas mans do Goberno están os dispositivos de prevención e extinción, e o noso grupo vai apoiar esta iniciativa do Grupo Parlamentario de En Marea porque vai na liña de maiores dotacións e, sobre todo, de maior profesionalización nestes dispositivos, tendo en conta o futuro xa próximo que nos vai provocar os novos incendios.

Pola miña parte, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.



Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Fernández, a min gustárame empezar polo mesmo que fixo vostede. Pero, fíxese, o conselleiro na interpelación quixo dicir que contamos cun magnífico servizo de extinción e prevención na loita contra os incendios forestais, e tamén quixo recoñecer e agradecer sinceramente o seu traballo, e acusárono de vir aquí facerlle a pelota. Eu tamén quero, de verdade, sumarme ao seu recoñecemento e empezar por iso.

Esta iniciativa demostra que parece que en En Marea están moi preocupados polos lumes que se producen en Galicia, e eu quixéralles dicir tres cuestións fundamentais. Primeiro, na vaga de lumes que tivo lugar en outubro do 2018, ás poucas horas dese comezo, mentres Galicia ardía e a queimaban, a súa resposta primeira e inmediata reacción foi poñer as camisetas —nin que as tiveran xa preparadas—, as pancartas —que tamén as terían preparadas—, e comezar a pedir dimisións, mentres Galicia se preocupaba por aquela terrible vaga de lumes.

Unha segunda cuestión. Quixera tamén recordar a Comisión de estudo de incendios forestais, que algún deputado parece que comezou a lela agora. Despois de que a aprobamos e fixemos referencia a ela, parece que agora a teñen en conta. E quixera recordar algunhas cuestións, por exemplo, que votou en contra o Grupo de En Marea especialmente, entre as cales quero destacar: votaron en contra da creación dos equipos forestais de investigación; votaron en contra da creación do Rexistro administrativo de investigacións en materia de incendios forestais; votaron en contra de implantar unha rede de vixilancia forestal que mediante cámaras de vixilancia poida tamén facer esta actividade disuasoria; votaron en contra de avanzar de forma decidida no uso das novas tecnoloxías, na loita contra os incendios, por certo, na utilización de drones, que xa se van incorporar á brigada de investigacións nesta recente campaña.

Polo tanto, teñen que retractarse vostedes. Claro que lles temos que recordar que vostedes votaron en contra nesa comisión, porque para nós é moi importante, e queremos respectar ese traballo que se fixo case durante un ano, e as 123 recomendacións.

Tamén quero falar doutra terceira cuestión: vaga de lumes do pasado mes de marzo nos concellos de Dodro, Rianxo e nalgúns outros puntos de Galicia. De verdade, señorías, vostedes igual o descoñecen, pero mirenen, o mesmo día do incendio, o 26 de marzo, mentres algúns deputados de En Marea visitaban o centro de mando e eran atendidos polo señor conselleiro, facilitándolles total información e transparencia en vivo do que estaba sucedendo, resulta que ese mesmo día pola tarde, ás dezoito cero seis, En Marea rexistra unha interpelación. Esa era a preocupación que tiña En Marea polo que estaba acontecendo no concello de Dodro. E estas cousas eu creo que é bo que as coñeza a Cámara e que as coñeza tamén o conxunto de Galicia.

Como xa lles dixó o conselleiro o día da interpelación —e eu teño que volver insistir nalgúns cuestións que dixó o conselleiro—, primeiro, a Xunta está a tramitar un decreto no



que se recolle a necesidade de valorar a experiencia dos traballadores que prestan servizo en empresas públicas como Seaga, para os efectos da súa incorporación como persoal temporal da Xunta, e a previsión é que quede aprobado neste mes de maio. ¿O obxectivo? Tamén o dixo, contar cun persoal coa maior cualificación posible para loitar contra a lacra dos lumes, cun dispositivo público, único e versátil. ¿Os baremos? Son os acordados entre os sindicatos e a Xunta no marco da Comisión de persoal da Administración pública galega.

Eu digo, ¿que facemos? ¿Respectamos esta canle de negociación e diálogo cos sindicatos ou non? Polo tanto, non hai discriminación ningunha entre os candidatos que queiran optar a estas prazas no caso dos traballadores de Seaga, porque os baremos son os legalmente establecidos para a incorporación do persoal da Xunta, contabilizando a súa experiencia acreditada en postos similares, en empresas públicas ou noutras administracións, como no caso dos concellos.

Sobre a duración dos contratos, tamén se lles trasladou aos sindicatos unha proposta de ampliación: pasar de tres meses a seis, de xeito progresivo, ata o 2020; é dicir, cinco meses no ano 2019 e seis no 2020. ¿Que facemos? ¿Respectamos a negociación cos sindicatos ou non?

Sobre a creación das prazas da RPT, a Xunta vai crear 558 novas prazas para integrar a todos os empregados no propio servizo, e a relación de postos de traballo está na mans dos sindicatos. Vólvolles dicir, ¿que facemos? ¿Respectamos este trámite de diálogo en relación cos sindicatos ou non? De verdade, eu penso que vostedes, ou ben non falan cos sindicatos, ou xa perderon esa comunicación fluída da que presumían.

Por último, na cuarta cuestión, sobre o financiamento dos concellos, a min gustaríame que vostedes puxeran en valor o que se fai, sobre todo cando debatemos estas cuestións. Lémbralles o convenio sobre a protección das aldeas asinado cos concellos — señor Rivas, ¿isto é extinción ou é prevención?—, no que a Xunta está poñendo máis de 28 millóns de euros, e recentemente tamén a addenda asinada entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e Seaga para reforzar e colaborar cos concellos na prevención e na loita contra os lumes, á que xa se adheriron 177 concellos, cun presuposto de 11,6 millóns no ano 2019.

Señor Rodríguez Estévez, creo que está de sobra contestada, punto por punto, a súa interpelación. Polo tanto, nós imos votar en contra.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Grupo autor da moción, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Falaba o señor Fernández de improvisación, e penso que iso é o que temos agora, máis que nada. Deriva en que os lumes se propaguen con máis facilidade, que se incremente o tempo e que se incrementen os gastos en extinción, polo que o criterio de prescindir do persoal por



cuestións económicas moitas veces cae polo seu propio peso, ademais das incontables perdas ecolóxicas e sociais. Non temos nada máis que mirar o que ocorreu no ano 2017, cando se mandou para a casa o persoal de tres meses e se volveu chamar, cando se mandaron para a casa cincocentos traballadores de Seaga e se volveron chamar ou cando se chamou os concellos para que, por favor, ampliasen o contrato das súas brigadas. Iso é improvisación; é que non ten outro nome.

Despois, ¿pode reducir esa falta de previsión e de planificación da consellería á hora de levar a cabo unhas axeitadas políticas de prevención e extinción de incendios? ¿E faíno? Porque está a descoidar totalmente as tarefas de prevención. Estamos en máximo risco e o convenio coa Fegamp da franxa de protección non sabemos cando se vai facer; di o señor Blanco Paradelo que, posiblemente, no mes de maio. Estamos en máximo risco, decretouse máximo risco o día 1 de abril; o señor conselleiro e a directora xeral de Montes así o anunciaron. O caso é que estamos en máximo risco e xa tiña que estar, cando menos, operativo ao cen por cento. ¿Quen vai facer esas franxas de protección? Tampouco o sabemos. Nós, dende En Marea, vemos que van cara á privatización do servizo, e voulle dicir por que: porque o Partido Popular, na privatización dos servizos que deberían ser públicos, ten que facer negocio; se non, é que é inexplicable.

Sobre as oficinas agrarias comarcais: o outro día levamos unha proposición non de lei onde a súa parte resolutiva é: «Instar a Xunta a que cubra os postos das oficinas agrarias comarcais, tal e como marca a súa propia RPT», e votan en contra; votan en contra dunha RPT que fan vostedes. Claro, despois vemos as encomendas a Tragsatec e ás empresas privadas para cubrir esas prazas, entón, aí é onde vemos negocio; se non, é imposible.

Falaba o señor Rivas da Rede Natura: é urxente facer ese traballo nesas árbores. O outro día a señora Arias, na Comisión 7ª, dixo que xa se fixera todo o traballo. ¡Home!, non hai máis que ver a afectación que teñen agora mesmo as árbores, que están todas tiradas, e as enfermidades que lles van entrar a esas árbores. Se o servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais estivese operativo ao cen por cento, como pedimos nós nesta proposición non de lei, podería estar facendo tranquilamente ese traballo, pero en fin.

Fálame vostede da manifestación: home, eu ensineille aquí fotos. Mentres o alcalde de Ourense criticaba a oposición por estar nunha manifestación, libremente, manifestándonos —como podemos estar, ninguén nolo quita—, eu, a noite anterior, estivera apagando o lume no concello de Parada de Sil e, ademais, o alcalde de Manzaneda estivo alí, por iniciativa propia, ata as tres da mañá —noutro concello— cunha motobomba, porque ten carné e puido facelo, porque non había medios. E que me fale vostede de que só sabemos sacar as camisetas... Non sei o señor alcalde de Ourense onde estaba no momento en que escribiu ese tuit; apagando o lume dende logo que non.

E, despois, en contra do ditame: pois si, votamos en contra do ditame xusto por unha emenda de En Marea onde se pedía reforzar a brigada de investigación dos incendios forestais. Pedímoloo explicitamente: queremos reforzar as brigadas de investigación forestal con axentes medioambientais; votamos en contra porque vostedes non aceptaron esa emenda. Ou as novas tecnoloxías: nós non estamos en contra das novas tecnoloxías, xa llelo teño



dito, pero teñen que ser complementarias ao que temos agora mesmo, esas casetas de vixilancia que existiron sempre, e nada máis. O que non poden vir son drones substituír o traballo que fan as persoas. ¿Por que? Porque non o fan tan efectivamente, e así llelo temos xa demostrado nalgũa ocasión.

Eu penso que perden unha oportunidade moi boa de apostar por un servizo público de calidade e van directos á privatización, que aí é onde vostedes queren chegar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego:

- 1.- Elaborar, dotar economicamente e poñer en marcha un plan para, na presenta lexislatura, poder ofertar o número de prazas públicas gratuítas de escolas infantís que cubra de xeito equitativo e garantindo a equidade, a demanda existente en todo o territorio galego.*
- 2.- Considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación.*
- 3.- Cumprir neste tramo educativo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004.>>).*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Onte a cidadanía escolleu co seu voto unha das políticas máis importantes para favorecer a conciliación das familias, incrementar a taxa de ocupación feminina, reducir as desigual-



dades sociais e mellorar as oportunidades dos nenos e nenas máis vulnerables: o fomento da universalización da escolarización de 0 a 3 anos. (Aplausos.) Fíxoo de xeito maioritario en España e tamén aquí, en Galicia.

Nós apostamos por ela dende que chegamos ao Goberno de España; mesmo nos propios orzamentos destinabamos trescentos trinta millóns de euros, uns orzamentos aos que vostedes votaron non. E non soamente votaron non; no anterior pleno, durante a interpelación á conselleira de Política Social, non fixo ningún tipo de referencia a este tema, nin unha palabra sobre un tema que nós consideramos que é fundamental. Agora, tres semanas despois e co respaldo da cidadanía nas urnas, terán que posicionarse a través desta moción, que ten un obxectivo fundamental, que é que a Xunta de Galicia comece a traballar co novo Goberno —co Goberno de España— na consecución deste obxectivo.

Para iso, ademais desta necesaria colaboración e complementación de esforzos, a Xunta ten que poñerse as pilas e ten que facer o esforzo que non fixo durante estes dez últimos anos, ampliando esa rede de escolas infantís e facéndoo de maneira planificada e ordenada no territorio, en colaboración cos axentes sociais e cos concellos, para eliminar esa vergoñenta lista de agarda. Outra cuestión importante é baixar eses prezos para as familias nas contornas máis vulnerables social, cultural e economicamente.

A pesar de ter unha das taxas de fecundidade máis baixas de toda España, por esa fenda —que sempre comentamos— que existe entre os desexos e as realidades das mulleres neste país, que non é máis que a consecuencia da precariedade, dos baixos salarios, da inestabilidade laboral e tamén desa imposibilidade de conciliar a vida familiar coa laboral, resulta que en Galicia, segundo datos do propio Goberno, só hai prazas en escolas infantís públicas para dous de cada dez nenos e nenas; se contamos as concertadas, nin sequera para a metade, exactamente para o 38,5 por cento. Tanto que, todos os anos —o ano pasado tamén—, nesas listaxes provisionais de cento setenta e dúas escolas Galiña Azul, quedan fóra máis de catro mil menores; co cal, queda claro que é necesaria unha ampliación desta rede de prazas públicas; xa llo avisamos, non de prazas concertadas, que é o que vostedes están acostumados a facer dende o ano 2015.

Pero ese incremento no número de prazas non pode facerse como ata o de agora, ao chou, nin sequera primando a implantación destas escolas infantís en concellos gobernados polo Partido Popular, practicando unha vez máis ese sectarismo político do que temos falado e denunciado tantas veces nesta cámara, senón con base nas necesidades de cada territorio e consensuando cos axentes sociais e cos propios concellos. Porque, se non, imos volver atoparnos con esa gran promesa electoral de escolas infantís en polígonos industriais do señor Feijóo que acabou convertida nun novo fiasco. E dicimos un novo fiasco porque, nestes dous últimos anos, do orzamento destinado a estas ordes, resulta que quedou sen executar máis do oitenta por cento do orzamento. Como non daban executado, ¿que fixeron? ¿Adicar esforzos de diálogo, de consenso e de planificación? Non, retallárona. Oitocentos mil euros é o que hai para escolas infantís en polígonos industriais para o ano 2019, menos da metade que nos primeiros orzamentos desta lexislatura.

Pero quen primeiro ten que dar exemplo de políticas que favorezan esa necesaria conciliación entre a vida laboral e a familiar é a propia Xunta de Galicia; de feito, xa debería estalo fa-



cendo. Para nós, unha das cuestións que pedimos nesta iniciativa e que consideramos tamén que é relevante é que se poñan en marcha escolas infantís na contorna dos centros de traballo da propia Administración autonómica.

A través desta moción solicitamos tamén unha diminución nos prezos destes centros, garantindo a gratuidade para as familias das contornas máis vulnerables; non soamente a gratuidade da praza, senón tamén do servizo de comedor e desas horas a maiores que os meniños e meniñas teñen, ás veces, que pasar. E facémolo porque nós o que pretendemos con esta iniciativa é que, polo menos, sexa gratis para aquelas familias con ingresos inferiores a quince mil euros. É dicir, hoxe unha familia de catro membros que cobra o salario mínimo, incorporando a subida feita polo Goberno socialista, tería que pagar escola infantil, tería que pagar o comedor e tamén, por suposto, esas horas a maiores; teríao que facer unha familia de catro membros e tamén unha familia monomarental.

Solicitamos tamén nesta iniciativa, ademais de para favorecer esa conciliación que vimos reclamando dende hai tanto tempo, pero especialmente co obxectivo de prestar un servizo importante ás familias que peor o están pasando, a garantía alimentaria. Isto non é nada novo, fíxoo o Goberno socialista segundo chegamos á Moncloa: garantir a correcta alimentación —eses servizos de comedor— para once mil nenos e nenas galegas, porque a Xunta de Galicia non o estaba facendo e tivo que chegar un goberno socialista para garantila. O que pedimos é que, durante as vacacións escolares, se cubra o total desa demanda existente de prazas en escolas infantís, que é algo que arestora non se está a facer.

Señorías, onte a cidadanía escollía tamén, en materia de escolas infantís, entre dous modelos moi claros e moi definidos: o das tres dereitas machistas de Andalucía, que segundo chegaron ao Goberno —ao igual que Feijóo— subiron o prezo das escolas infantís públicas ao tempo que eliminaban impostos para as trescentas familias máis ricas desa comunidade autónoma, ou o do Goberno socialista de España, de protección ás familias, de protección aos menores máis vulnerables e de universalización da escolarización de educación infantil para nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 e 3 anos. (*Aplausos.*)

A cidadanía tívoo claro e escolleu que... —onte o día foi longo, estásenos notando a todos, desculpen—, escolleu que o partido que governe sexa o que ten como obxectivos favorecer a conciliación laboral e a igualdade (*Murmurios.*) —non se enfaden, que foi un comentario; estamos todos cansos, non pasa nada—, mellorar as oportunidades dos nenos e nenas que están en contornas máis vulnerables e dos máis desfavorecidos e, sobre todo, loitar contra a desigualdade social.

Respecten, señorías do Partido Popular, hoxe a decisión da maioría da cidadanía, non soamente en España, senón tamén en Galicia, votando a favor desta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.



A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Efectivamente, no BNG temos unha cuestión moi clara, e é que a infancia é a etapa máis importante na socialización dunha persoa, neste caso, aínda dun neno e dunha nena. É cando se empeza a formar a personalidade, cando se fan os primeiros amigos e amigas e cando se rompe o círculo familiar e se empeza a socialización. E a escola, na etapa de educación infantil, ten un papel fundamental tamén para fixar o idioma propio.

Dende logo, no BNG preocupámonos cal é o modelo para as escolas infantís do Partido Popular: é un modelo onde, ás veces, no discurso fala de que ten que ser un elemento educativo e de conciliación, mais logo, na práctica, está indo exclusivamente a un modelo de conciliación, onde a parte educativa queda continuamente aparcada; é tamén un modelo claramente privatizador, un modelo onde se estende cada vez máis o concerto, os cheques e os bonos, mais non se está a crear unha rede pública de escolas infantís.

Logo, nós sabemos que estamos nun afán recentralizador, onde parece que agora todo ten que pasar por Madrid; pero, de momento, ese escaso autogoberno que temos en Galiza, dende logo, por parte do BNG non estamos dispostos a que sexa aínda menos. Por iso presentamos esta emenda á iniciativa do Partido Socialista: por un lado, a única competencia que debería ter o Estado español é dotar de recursos suficientes nesas transferencias orzamentarias, e logo, correspóndelle á Xunta de Galiza a posta en marcha dos plans para o ensino infantil, sen que teña que pasar por Madrid.

E logo, nós seguimos a defender —e non imos deixar de facelo— que este tramo de 0 a 3 ten que estar incluído na etapa educativa polo que estaba a falar: a concepción da infancia pasa pola idea de que non son menores incapaces aos que soamente haxa que ter coidados, senón que é unha etapa fundamental no ámbito educativo e unha etapa moi importante no apoderamento dos nenos e das nenas; máis alá da atención aos pequenos, o modelo de ensino ten que procurar esa parte educativa. A súa encomenda non é exercitar o rol de coidadores, senón emprender unha auténtica tarefa pedagóxica de grande importancia. Por iso demandamos que este tramo de 0 a 3 se inclúa na etapa infantil, integrada no ámbito da consellería competente en materia de educación, e que o Parlamento de Galicia inste o Goberno galego a elaborar, dotar economicamente e poñer en marcha un plan para, nesta lexislatura, poder ofertar o número de prazas públicas gratuítas de escolas infantís que cubran dun xeito equitativo, e garantindo a equidade, a demanda existente en todo o territorio galego.

Porque está claro que, evidentemente, fan falta recursos, pero está claro que é unha cuestión de prioridades. E é unha evidencia que o Partido Popular no Goberno galego non ten como prioridade crear unha rede pública nin atender as necesidades fundamentalmente educativas destes nenos e nenas, e que, ademais, todos os plans dos que vén falando en moi escasas ocasións pasan do papel á realidade, cando menos non con dotación orzamentaria.

Logo, estamos ás portas do 17 de maio e no BNG tamén temos todas as alarmas acendidas a respecto de cal é a situación do galego no noso país. Por iso demandamos que neste tramo se cumpra o Plan xeral de normalización lingüística da lingua galega, porque nos encontra-



mos con que Galiza é a única parte do Estado español onde baixa o número de falantes na lingua propia; encontrámonos con que, segundo datos da propia Real Academia, dende o 2010 o galego retrocedeu na escola ata índices dos anos noventa e viu reducida a presenza no ensino infantil das cidades nun noventa por cento. E temos que engadir a iso que nos tramos de idade de 5 a 14 anos xa hai un 22,7 por cento de nenos e nenas que declaran que non saben falar en galego. Co cal, é evidente que hai que empezar polo ensino infantil de 0 a 3 co que establece o Plan xeral de normalización lingüística, que é ofrecer unha oferta educativa en galego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...en preescolar de 0 a 3 anos e establecer os mínimos que hai que acadar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ben, nesta moción sobre a universalización do ensino de 0 a 3 anos, coa que concordamos e, por suposto, da que votaremos a favor, no día de hoxe faise obrigado, en primeiro lugar, parabenizar o Partido Socialista polos resultados de onte, nomeadamente no noso país, e, sobre todo, facer votos para que se traduzan nun goberno que se comprometa con políticas de esquerda como a que se propón nesta moción, a universalización do ensino de 0 a 3, e —como dicíamos nós tamén onte— nun goberno progresista dende o primeiro día; e tamén, por suposto, que se comprometa co noso país.

Cómpre sinalar tamén, a este respecto de onte, que o fascismo foi derrotado polo nacionalismo nas nacións sen estado. Cómpre sinalar tamén a mágoa de non contarmos con representación de forzas políticas propias no Congreso. E, dende logo, cómpre tamén parabenizar ata onde toque a Unidas Podemos e o BNG polos resultados. E non quería deixar de comentar os resultados do PP, sabendo que, evidentemente, hoxe aquí a min me toca a humildade máis absoluta, pero comentáramos hai plenos que o solo electoral do Partido Popular se estaba esborrallando debaixo dos pés e onte evidenciouse. E quero dicir, a título exclusivamente persoal, que onte comezou a fin da era Feijóo no noso país e que os imos derrotar —este arco parlamentario—, cada un dende onde nos toque, pero imos derrotalos en 2020. (*Aplausos.*)

Imos derrotalos para facer políticas progresistas, como implantar unha rede de ensino público infantil de 0 a 3 anos. Nun país cun inverno demográfico, non é de recibo que teñamos cada ano unha lista de agarda en escolas infantís de case catro mil nenos e nenas. Por iso é tan urxente rematar co seu goberno, primeiro, para instaurar que esta etapa educativa sexa realmente unha etapa educativa de 0 a 3 anos na que se conforma a mente.

É unha etapa educativa fundamental. En primeiro lugar, garante a igualdade posterior, porque está demostrado en estudos que quen recibe o ensino infantil de 0 a 3 ten logo menos fracaso



escolar, e isto pode contribuír a que haxa unha menor desigualdade entre clases sociais. Tamén é un elemento fundamental de loita contra a pobreza no aspecto que ten de conciliación, porque favorece a reincorporación ao mercado laboral de pais e nais. Pero é —como dicía— unha etapa na que se constrúe esa seguridade emocional, e é preciso dotala dun contido educativo fundamental. Por iso defendemos, como o resto de grupos da oposición, a inclusión na consellería competente, na de educación. É un servizo básico, polo tanto, debemos deter a súa privatización. A rede de ensino infantil depende absolutamente das empresas privadas, ata tal punto que se condiciona a extensión da rede pública a onde hai ou non empresas privadas, e aí temos o bono Concilia como un elemento que favorece a concertación do ensino, tamén na etapa infantil.

Están tamén os problemas das casas niño: son un servizo que pode funcionar moi ben, e temos moi bos exemplos. ¿Pero que sucede? Non se pode facer que as persoas que están atendendo as casas niño, ao final, se convertan en mileuristas. Ao final é un servizo en precario que descansa, como sempre, sobre os ombros das mulleres, porque as que están collendo casas niño son mozas, fundamentalmente; mulleres novas.

É tamén o fracaso da política de extensión das escolas infantís nos polígonos industriais: o señor presidente prometera no primeiro ano de lexislatura que se ían poñer en marcha xa sete escolas infantís en polígonos industriais. De sete levamos, na lexislatura, tres. É, polo que cremos, por unha falta de consenso e de establecer un plan de acordo cos axentes sociais, e tamén por unha falta de aposta polo ensino infantil público.

En cuarto lugar, a suba de prezos: non só estamos a falar de que suban os prezos nas escolas infantís; os prezos de bens básicos como a enerxía ou como a comida están a subir e os salarios estancáronse. A escola infantil convértese tamén nun obstáculo máis niso que é chegar a fin de mes.

E, finalmente, o ensino en galego: os datos de retroceso da lingua na infancia son tremendos; cada vez menos nenos e nenas comezan a falar en galego. Por iso unha rede pública de ensino de 0 a 3 anos tamén garantiría cumprir cunha lei xa aprobada por consenso neste parlamento, que é a Lei de normalización lingüística. O artigo 13, que garante o dereito de todos os nenos e nenas a ser escolarizados na súa lingua nai, non se está a cumprir no caso dos nenos e nenas galegofalantes, e moito menos se está a cumprir o dereito que teñen todos os nenos e nenas a coñecer o galego. Hai nenos e nenas pequenos deste país que non saben o galego, aos que lles falas en galego e fálaslles nunha lingua estranxeira para eles, e isto é intolerable.

Por iso, polo noso compromiso coa universalización do ensino de 0 a 3, votaremos a favor desta moción, que non vai máis alá do pacto que xa temos asinado todas as forzas políticas con Unicef e que non pode quedar nun papel bonito e nunha foto bonita, senón que ten que ter uns compromisos. É, por suposto, a nosa vontade avanzar nun nivel de cobertura similar a estados onde case o ensino de 0 a 3 chega ao cen por cento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.



A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Ben, despois desta cuña publicitaria do Partido Socialista, agora realmente toca falar de que hai que demostrar o que realmente lle importa ao Partido Socialista Galicia. Polo tanto, non só de cuñas publicitarias temos que falar, senón das realidades, do que vai facer o novo Goberno en relación coas familias e coa infancia en Galicia. *(Aplausos.)*

Porque, miren, vostedes falan de que hai que respectar a decisión dos galegos, pero, claro, nós preguntámonos: a decisión dos galegos respéctase, pero só cando gaña o Partido Socialista, porque cando gañou o Partido Popular durante os últimos dez anos en Galicia vostedes parece que non respectaban esa decisión. Polo tanto, o respecto ten que ser mutuo tanto cando gañan uns como cando gañan outros. *(Aplausos.)* Agora din que inician o camiño para derrotar o Partido Popular na Xunta de Galicia, e dío unha deputada que moitos votos no seu concello non sacou este domingo. Polo tanto, sigan vostedes traballando, porque, se inician ese camiño, igual tardan bastante en poder derrotar ese goberno da Xunta de Galicia.

A autora desta iniciativa di que a Xunta de Galicia se ten que poñer as pilas. Ben, a min gustaríame recordar que hoxe Galicia conta con cento corenta e tres millóns de euros para as familias e para as políticas de conciliación. Se non o poñemos en perspectiva, non podemos saber se é moito ou se é pouco: a min gustaríame aclarar que é un setenta por cento máis do que adicaba a Xunta de Galicia para atender as familias. Galicia conta agora con máis de vinte e catro mil prazas públicas en escolas infantís, un cincuenta por cento máis das que tiñamos no ano 2009. Ampliouse a tarxeta Benvida ata os tres anos, unha axuda económica de mil douscentos euros ao ano para as familias, e máis de corenta mil familias en Galicia recibiron a tarxeta Benvida. Puxéronse en marcha novos servizos de conciliación como as casas niño, que ao principio a vostedes non lles gustaban as casas niño e agora solicitan cada día máis casas niño naqueles concellos do rural. E Galicia é a comunidade que ten maiores deducións fiscais por nacemento e adopción.

Ben, a ratio de prazas de escolas infantís recomendada pola Unión Europea é do trinta e tres por cento. No ano 2009 Galicia tiña unha ratio do dezanove por cento en escolas infantís, catorce puntos por debaixo da media recomendada da Unión Europea. Hoxe Galicia ten unha ratio do corenta e dous por cento, nove puntos por riba da recomendación europea. En dez anos a Xunta de Galicia incrementou en vinte e tres puntos a ratio de prazas públicas en escolas infantís. Iso é boa xestión e iso tamén foi referendado pola maioría dos galegos, que tamén hai que respectar a súa opinión.

En relación co bono Concilia, o que fai a Xunta é garantir que ningún neno quede sen praza de escola infantil. O cen por cento das familias que solicitaron unha praza pública de escola infantil obtivérona ou recibiron unha axuda económica para elixir o centro onde levar os seus fillos. Foron 3,4 millóns de euros para axudar a esas familias para que tiveran unha praza de escola infantil; na actualidade, catro mil catrocentas familias reciben ese bono Concilia.

En 2016 a Xunta de Galicia pon en marcha as casas niño, un novo servizo de conciliación —para nós, fundamental— nesas núcleos rurais de menos de cinco mil habitantes. Hoxe



Galicia ten sesenta e unha casas niño, e está en tramitación unha nova orde para poñer en marcha outras quince novas casas niño. Polo tanto, antes de que remate esta lexislatura, Galicia contará con setenta e seis casas niño para conciliar tamén nos núcleos rurais; un servizo gratuíto para todas as familias, cun investimento de máis de sete millóns de euros.

E dende o ano 2016 os parques empresariais dispoñen de axudas para poñer en marcha unha escola infantil nunha das súas parcelas. Ao principio tampouco lles gustaba esta iniciativa; agora critican a conselleira porque non é capaz de poñer en marcha todas esas escolas que se están solicitando a través dos polígonos industriais. Dende o ano 2016 esta orde de axudas impulsou a posta en marcha de cento setenta e seis novas prazas en escolas infantís.

E claro, logo falan do modelo privatizador, ese mantra, esas *fake news* que utiliza a oposición todos os días. A min gustaríame recordar que o noventa e sete por cento das prazas públicas en escolas infantís están xestionadas directamente pola Xunta de Galicia. O cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do concello de Santiago están privatizadas, o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do concello da Coruña están privatizadas, o cen por cento das escolas infantís de competencia municipal do concello de Vigo están privatizadas e o cen por cento das escolas municipais do concello de Pontevedra xestiónaas directamente o consorcio. Polo tanto, veñen aquí, unha vez máis, criticar a Xunta de Galicia cando son vostedes os que están privatizando a xestión das escolas infantís da súa competencia.

Penso que todos os datos poñen de manifesto a forte aposta da Xunta de Galicia para que Galicia sexa unha das comunidades que máis apoian as familias, porque hai máis prazas públicas en escolas infantís, máis servizos de conciliación, máis axudas económicas e deducións fiscais.

Polo tanto, despois das cuñas publicitarias, teñen que vir os feitos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: ...e alí estamos esperando a que vostedes poñan enriba da mesa feitos de que ao Goberno de España lle van interesar as familias e os nenos en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora deputada do Partido Popular, recoñecer unha derrota e parabenizar os gañadores non é un síntoma de debilidade, é un síntoma de humildade, señora deputada. (*Aplausos.*) Por iso, eu quero agradecer á voceira de En Marea as súas verbas de hoxe, porque mire, hai que tamén saber gañar con humildade, e nós permítame que lle diga que non vimos un Par-



tido Popular gañar con humildade. Nós si o imos facer con humildade e con respecto a todas aquelas persoas (*Murmurios.*) que nos votaron, pero tampouco imos pedir perdón. Imos dicir que nos sentimos manifestamente orgullosos e orgullosas de que a cidadanía elixira o noso modelo social para este país, (*Aplausos.*) porque iso foi, entre outras moitas cousas, o que onte votaron en todo o país e tamén de maneira maioritaria en Galicia, onde o PSdeG tivo cincocentos mil votos, cinco puntos máis que o Partido Popular, e iso entendo, señora deputada do Partido Popular, que merece cando menos —permítame que llo diga— unha reflexión.

Unha reflexión, porque, claro, ademais, entendo que van votar que non, porque tampouco se posicionou abertamente. Pero non son cribles. Fíxese: non son cribles, porque Ana Pastor dixo, a tres días de que rematara a campaña electoral, que apostaba pola gratuidade das garderías para fomentar a conciliación laboral. ¿E agora? Xa se acabou, xa pasou, pasaron catro días destas declaracións e resulta que traemos unha moción aquí que precisamente pretende iso e vostedes dinnos que non. Era mentira, claro. Evidentemente, os cidadáns e as cidadás da provincia de Pontevedra xa se viu tamén o que votaron no día de onte; non soamente en Pontevedra, senón en todas as cidades galegas, porque se refería vostede antes aos datos das cidades, e creo que tampouco teñen moito que presumir por aí.

Por certo, falando de cidades, de prezos en escolas infantís, de accesibilidade nas cidades galegas: en Vigo, oito centros de educación infantil; é o dobre de centros que puxo en marcha a Xunta de Galicia en polígonos industriais, o dobre nunha cidade que en toda a comunidade autónoma vostedes durante estes últimos anos. Así que fíxese. Un concello onde por certo se subvenciona de media o 82 % de prezo de praza pública; máis dun millón de euros destina este concello. O concello de Ourense..., non, o concello de Ourense non ten escolas infantís públicas, co cal non o podo mencionar. (*Aplausos.*) Podería falar dos orzamentos e de moitas outras cousas, pero non.

Mire, o certo é que esta iniciativa era importante, como lle dicíamos, porque favorece a conciliación, porque pretende incrementar esa taxa de ocupación feminina, pero, sobre todo, porque pretende combater esa tremenda lacra, esa desigualdade social que existe no noso país. Porque, señora deputada do Partido Popular, a pobreza infantil nin se pega nin se conta, pero pode herdarse, e os representantes institucionais —vostedes tamén, e máis despois do que aconteceu onte nas urnas— deberan estar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...tratando de traballar para conseguilo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda do BNG, ¿acéptaa?

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: A emenda do BNG é de substitución. Eliminaría a universalización de escolarización de 0-3 anos, que é a principal proposta desta iniciativa, co cal...



O señor PRESIDENTE: Non a acepta.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...loxicamente, compartindo a esencia do resto das propostas, pois non podemos aceptala.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Estou recibindo bastantes suxestións sobre a temperatura. (*Murmurios.*) Correcto. Eu non é que queira meterme agora noutro debate, pero estamos tratando de adaptalo; todo ten un período de adaptación, xa saben. Estamos tratando de adaptar esta temperatura, porque, por exemplo, xa ven que o señor Sánchez se atopa cómodo. Isto é moi complicado. (*Murmurios.*) Imos ver como vai. Eu comprendo iso.

Última moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde de novo.

A situación de deterioración da sanidade pública galega en xeral e da atención primaria en particular, na que se centra esta moción que hoxe presenta o BNG, como consecuencia da interpelación que lle fixemos no anterior pleno ao conselleiro de Sanidade, non é casualidade, non é froito do azar. Esta situación de deterioración e abandono é froito da premeditación, é froito dun plan perfectamente deseñado e logo perfectamente executado, polo cal solucionar esta solución require pois tamén un plan deseñado e executado. E de aí a moción que presentamos, extensa e que aborda parte das maiores preocupacións que existen neste momento no referido á atención primaria.

Porque os recortes, as privatizacións, a política de xestión, a falta de transparencia, o cambio de modelo que realizou o Partido Popular teñen ameazado o sistema sanitario público. Coa desculpa da crise — non me vou cansar de repetilo — introduciu unha política económica sanitaria neoliberal que causou cambios moi importantes no modelo. Teño que lembrar que o recorte acumulado para atención primaria dende o ano 2009 ata este ano 2019 e nos últimos dez anos foi de máis de dous mil millóns de euros e teño que lembrar que neste ano 2019 o orzamento para atención primaria segue estando moi por debaixo do de 2009, en 188 millóns de euros.

Tamén que o gasto per cápita en Galiza en sanidade é de 1.380 euros, que é claramente inferior á media que se gasta no Estado español, que é de 1.403 euros, cando tería que ser ao



contrario: en Galicia teríase que estar realizando un investimento maior per cápita, porque temos un elemento de envellecemento e temos un elemento de dispersión da poboación e estes dous elementos —xa non entro noutros— debían como mínimo levar a que houbera maior investimento, cando non é así.

E os recortes presupostarios tiveron unha incidencia negativa nos recursos dos que dispón o sistema. Recortes dos investimentos sanitarios. Non hai máis que ver as deficiencias nos centros de saúde, os prometidos e non construídos. O gasto en persoal sanitario baixou, e esta baixada foi a custa de reducir plantillas, de establecer a precarización, de establecer eses modelos de non contratar fins de semana ou de non contratar pola causa que xera a contratación, para baixar investimento a custa da calidade do emprego.

O 40 % dos cupos en atención primaria en canto a facultativos están masificados, con mil catrocentas tarxetas por profesional médico ou médica. E se imos por exemplo á área de Vigo encontrámonos con que eses cupos xa van a ratios de dúas mil ou dúas mil cincocentas TIS por profesional. (*Murmurios.*) Si, si, non poña esa cara, señor Núñez Centeno.

E existe unha evidencia científica que relaciona o número de facultativos por habitante e unha mellor saúde. Existe unha relación significativa entre dotación de recursos humanos en atención primaria e indicadores xerais de saúde. Iso é unha evidencia da que nunca quere falar o Partido Popular.

E a partir de 2009 a política da Xunta de Galiza orientouse a privatizar servizos asistenciais, privatizar a xestión estratéxica, a docencia, a investigación, a innovación, os datos, o coñecemento, todo aquilo que se lle puxo por diante. Levou a cabo a reforma da Lei de saúde, dirixida a consolidar este modelo. Consolidou as EOXI, onde someteu a atención primaria a ese papel de segundona, onde se volveu ao modelo sanitario centralizado nos hospitais. Recuperouse ese modelo baseado na atención hospitalaria curativa en detrimento do que tería que ser fundamentalmente a atención primaria, que é a promoción e prevención da saúde. Esta creación das EOXI levou parella a supresión da xerencia de atención primaria, a súa integración na dos hospitais, perdendo autonomía e tamén, evidentemente, unha parte moi importante dos recursos.

E cando todos os estudos e os estudosos determinan que o gasto orzamentario en atención primaria debe estar no 25 %, en Galiza non só non foi aumentando dese 12,6 %, en que o colleu o Partido Popular no ano 2009, senón que baixou aínda a un 12,4 % a esta altura.

¿Que significa? Pois que na atención primaria, asociado con estes recortes, hai restricións ao acceso a probas diagnósticas, incremento da burocracia tamén —sobre todo por delegación de cuestións que veñen dos hospitais—, a imposición de protocolos e guías clínicas tamén impostas polos hospitais —onde non se teñen en conta os criterios da atención primaria— ou a restrición de derivacións e interconsultas. Isto é evidente que leva á perda da capacidade resolutiva, calidade na atención, frustración e malestar na poboación e nos e nas profesionais.

Máis con menos é imposible facelo. Antes daba o dato de TIS. Podemos dar o dato dos profesionais de enfermería que existen colexiados en Galiza: 14.211. Hai un elemento para co-



texar: ¿cal é o nivel de temporalidade? Dígoo por aquilo de que logo veñen aquí dicirnos que non, que temos un nivel de consolidación e demais altísimo, pero hai a proba do nove. Este 12 de maio hai as probas de selección de persoal de enfermería, por exemplo, e resulta que se presentan 8.832. Isto demostra que é a evidencia de que a situación de, por exemplo, a enfermería no Sergas é que o 37,5 % do persoal é exclusivamente o que está fixo e que máis do 62,5 % é eventual. Iso é unha realidade, por moito que queiran negalo.

Un altísimo nivel de eventualidade, un altísimo nivel de precarización e unha situación de continua inseguridade e estrés, non coñecemento de quendas e xornadas de traballo con antelación, unha mobilidade realmente moi preocupante, cambios —que lles chaman reaxustes— por necesidades de servizo de xeito continuado; hoxe estás en extraccións, mañá estás en urxencias e pasado estás en pediatría, o que leva a unha situación dende logo de non calidade asistencial, non pola profesionalidade das persoas que traballan, senón porque isto dende logo non é asumible.

Eu creo —comentábao no anterior pleno— que unha situación que dende logo nos preocupa moitísimo ao BNG e preocupa aos profesionais é esa contratación de persoas sen experiencia para postos sensibles, como poden ser as UCI, como poden ser os quirófanos, como poden ser urxencias, persoas que acaban nestes servizos sen experiencia e moitas veces en solitario. E logo o abuso de acúmulo de tarefas, que permiten que sexan continuamente comodíns.

Por iso, presentamos —insisto— esta moción, onde demandamos realizar unha análise de cal é a situación, que se acabe co escurantismo, que se nos diga realmente cal é a situación, presentar un plan de estabilidade de emprego —para negociar de inmediato— que permita rematar con esta situación que acabo de describir, convocar unha oferta pública de emprego con todas as prazas e en todas as categorías.

O que non pode ser é que cada dous días repitan, por exemplo, que van convocar en atención primaria cincocentas prazas de facultativos; vólvenas anunciar, vólvenas anunciar e son as mesmas, e é a acumulación da OPE 2018 e 2019, que non son novas prazas. Pero, se calquera se asoma aos medios de comunicación, aos titulares, parece que cada semana aumentan en cincocentas prazas, cando son as mesmas que levan anunciando dende hai meses.

Demandamos que ese novo contrato de atención primaria se reconsidere, porque non soluciona ningún dos problemas e, ademais, o que vai é consolidar unha situación de precariedade e de mobilidade. Demandamos atender as demandas dos PAC, recuperar as xerencias de atención primaria con capacidade resolutiva e de execución e demais, desenvolver as carteras de servizos de enfermeira, matronas, fisioterapeutas e tamén o mapa de competencia do persoal de servizos xerais, concretar ese número das TIS para o que acabo de dicir —non pode ser ese aumento exponencial das mesmas— e incrementar o investimento en atención primaria, non eses raquíuticos e insuficientes vinte millóns que están anunciando e para os cales van facer non sei que labores de enxeñería que lle demandan a que lle aprobe o Goberno do Estado. É que vinte millóns é o chocolate, non soluciona absolutamente ningún dos problemas; nós demandamos eses 223 millóns de euros como mínimo. E logo reverter esa escalada de privatizacións na que está inserto o Partido Popular.



Nada máis de momento e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Non sei se a temperatura era ambiental ou non, é difícil ter un debate hoxe en realidade especialmente razoable, é un día complicado para illarse do contexto, e logo, xa que todos facemos a nosa pequena valoración, eu comparto algunhas cousas que dixo algún dos deputados do Partido Popular. Creo que todos temos oportunidade de equivocarnos, todos; algúns xa asumimos unha realidade agora como se fora xa inamovible para sempre, e eu tamén creo que hai algunha oportunidade de equivocarse no Partido Popular. E o único que me leva a pensar isto é tanta pel tan fina. Eu paro a pensar, se o resultado fose inverso, qué estaríamos escoitando dende a oposición hoxe. E iso é unicamente o que nos leva a pensar que é importante ser conscientes. (*Aplausos.*)

En todo caso, permítanme —e esa é unha opinión tamén exclusivamente persoal—: o PP para min é un adversario político, non é un inimigo, pero hoxe a democracia española ten un inimigo máis nos parlamentos, e nós pedímoslle que vostedes volvan á normalidade para non darlles pé aos nosos inimigos. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Sobre a moción que se presenta hoxe, nós compartimos, como practicamente sempre compartimos, a liña estratéxica que defende o BNG nas cuestións que plantexa, moitas veces con algunha discrepancia en contidos e en detalle. Neste punto percibimos algunha maior proximidade nalgúns puntos que se plantexan. Temos o noso pequeno enfoque sobre unha cousa, pero nada realmente que nos leve a non apoiar a iniciativa e apoiarémola.

Cremos que é, ademais, atinada, porque no debate sobre atención primaria non hai nada case que non se teña dito xa. Temos unha situación da atención primaria sometida a dous problemas esenciais: unha planificación absolutamente errática, con decisións contraditorias entre si en moi pouco espazo de tempo, e polos mesmos dirixentes, e unha actitude certamente soberbia; e son dous elementos que distancian bastante o problema das solucións.

A errática planificación, ademais, veuse acrecentada nos últimos tempos cun ministerio que se activou para intentar coordinar algunhas solucións, que tratou de levar a cabo algunhas medidas e que tratou de apoiar que as comunidades puideran coordinarse nas medidas que son necesarias. Como se ten dito aquí —eu diría que por parte de todos os grupos—, é moi importante que non se desliguen moito algunhas decisións estratéxicas, dentro da independencia de cada comunidade autónoma, porque as decisións dunhas afectan outras, en termos de persoal, en termos de condicións, en termos de convocatorias e en termos de calidade asistencial, e, por tanto, a coordinación que fai o Ministerio é boa. Era bo que tivera chegado un ministerio que fixera algún labor neste sentido, porque é certo que o anterior non tiña feito nada nese punto.



Non obstante, atopamos unha consellería —e esa é unha crítica que nós facemos con claridade— que preferiu intentar facer un electoralismo salvaxe, case barato, presumindo de re-bentar reunións. A verdade é que isto non é natural entre dirixentes políticos, e hai unha sobreactuación da Consellería enorme, ante os consellos interterritoriais e as oportunidades que o Ministerio plantexou, que basicamente eran cuestións que os socialistas levamos plantexando e facendo alí onde gobernamos e onde non gobernamos plantexando como oposición, que sobrepasan en bastante medida as cousas que agora a Consellería asume como boas: os contratos de continuidade, que aquí si se fan dun ano, pero que o Ministerio está pensando en facer de dous, como se fan noutras comunidades autónomas; a mellora das condicións salariais, da que aquí se fala pero nunca se leva a cabo; a ampliación e a estabilidade das prazas, da que aquí se fala, por certo, con mentiras directas, como que estamos ao redor do 10 % de inestabilidade, cando a inestabilidade e a eventualidade no Sergas supera o 25 %, como é practicamente obvio para calquera que o queira analizar.

E, ademais desa errática planificación, que buscaba máis xogos de efectos e fogos artificiais que ser concretos, hai unha actitude certamente soberbia. O caso dos xefes de servizo da Área de Atención Primaria en Vigo evidencia como símbolo calquera situación; un problema que se dá e que se enquista ademais por unha actitude persoal bastante problemática, incluso con dirixentes da Consellería atacando dende o primeiro momento eses xefes de servizo polo feito de que dimitiran, nomeadamente o xerente da EOXI de Vigo, que segue hoxe no seu cargo, cando xa non tiña que ser xerente da EOXI, que tiña que estar fóra da dirección da Consellería no seu momento polo que tiña que ser. Pero, aínda así, na situación na que estamos, na situación na que tivo que vivir esa xestión, non tivo dende logo ningún momento as palabras máis acertadas.

É importante tomar conciencia de que sobre a situación non hai toda a verdade, e creo que rebaixando esa soberbia —e se acaso algo pode axudar o día de onte a iso— igual vai mellor tamén para a sanidade, se non se posúe toda a verdade. A soberbia non é boa acompañante, e dende logo estar intentando enganar, terxiversar ou retorcer a realidade non é bo.

Vostedes no Partido Popular, na Consellería, son moi de poñer carteis, gústanlles moito os carteis que poñen, agora presumían dos carteis de hospitais públicas. Eu suxírolles que poñan un cartel: «Os cidadáns merecen dirixentes que non lles mintan.» E xa que lles gustan moito os carteis, póñanos, e a ver se así somos capaces de que, aínda que sexa poñendo carteis, que a vostedes lles gustan moito, cambien de planificación e cambien de actitude, e se acaso, igual para facer isto, moito mellor que cambien de conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas, señor presidente.

Señora Prado, por suposto que apoiaremos a moción, por suposto que cremos na primaria. Falariamos un pleno enteiro dela, porque a valoramos e sabemos que é o espazo máis acce-



sible, máis eficiente, máis resolutivo e máis equitativo coa saúde das persoas, de todas as persoas. Preocúpanos a primaria porque é o lugar que coñece como vive e como enferma a xente, as súas relacións, a súa cultura, os seus hábitos, a súa capacidade económica e tamén as súas redes de coidado.

A primaria é onde mellor se manexa a desigualdade, o lugar menos intervindo pola economía de mercado, a que detecta as consecuencias do malestar social, tamén o malestar de xénero, a que debe exercer a centralidade da atención sanitaria, con tempo de calidade por consulta, porque todas sabemos que o tempo é o valor diagnóstico e terapéutico por excelencia. E para iso hai que definir ben as cargas, as ratios e as profesionais necesarias. É o lugar idóneo para recuperar a universalidade que as políticas do Partido Popular botaron por terra.

Preocúpanos a primaria porque é o lugar onde se manexa a cronicidade, onde se exercen os paliativos e onde tamén se traballa pola morte digna en ausencia dunha lei de eutanasia.

Porque o importante somos as persoas. Valoramos a calidade de quen incorpora o traballo social no manexo do malestar. Preocúpanos que se xestione mellor a dependencia, a fraxilidade e a exclusión.

É necesaria máis primaria e máis sentido común no uso dos recursos, menos medicalización da vida, máis prevención e máis promoción da saúde.

Preocúpanos coidar do máis valioso que temos no sistema sanitario: as súas profesionais. Todas as profesionais están demostrando un grao de compromiso e responsabilidade moi por riba dos seus xestores e precisan condicións laborais dignas. Non merecemos estes xestores no noso sistema sanitario público, non nos fiamos deles, non nos fiamos do plan de mellora de atención primaria, porque é inconcreto e é tremendamente superficial. Preguntámonos que fixeron durante todos estes anos para chegarmos a este punto. Non nos fiamos tampouco das manobras preelectorais para desarticular as mobilizacións dos profesionais.

E revisando o seu proxecto de lei para o suplemento de crédito, vemos que queren destinar 1,5 millóns para profesionais e 8,5 millóns para mobiliario. ¿Onde están as súas prioridades? As profesionais son o principal valor, manexar o sufrimento das persoas é o importante, e o tempo é o principal recurso.

Non nos fiamos de que se cuestione a xornada laboral das nosas compañeiras dos PAC, precisan condicións dignas de traballo. Non nos fiamos do contrato de continuidade para as precarias nin dos elevados índices de eventualidade, por exemplo nas enfermeiras. Non queremos que se institucionalice a precariedade. Aspiramos tamén a outro modo de seleccionar as xefas e os xefes de servizo, sen ningún tipo de arbitrariedade.

Non nos fiamos dos datos que deu o propio conselleiro nesta propia tribuna cando se lle interpelou. O cupo medio galego de pacientes por equipo é de 1.275. Pero non queremos falar de medias, porque Galicia é diversa, e ten cupos urbanos absolutamente asfixiados e outros rurais que teñen que manexar o avellentamento e a dispersión. Lugo non é Toledo, o Courel



non é Salamanca, pouco se parece o Deza ao barrio de Chamberí. Sexamos serias e midamos en condicións todos os indicadores.

A primaria deteriorouse co Partido Popular —agora bufan—. Tiñamos que ter investido un 25 % e aquí investiuse un 12,6 %. Se miramos a área de Vigo, tan só un 11 %; é absolutamente a máis precarizada; non me estraña a resposta dos seus e das súas profesionais.

Que o 88 % das galegas e dos galegos valoren a primaria como boa ou moi boa non ten nada que ver coas súas políticas, ten bastante máis que ver co compromiso profesional. É mérito das enfermeiras, dos celadores, das PSX, das médicas de familia, das profesionais dos PAC, das matronas, das auxiliares e de todos os que se comprometen moi por riba das súas posibilidades.

Miremos a comunidade, utilicen os consellos de saúde, coiden dos titores, mimen a formación e a investigación dentro do horario laboral. A única aposta verosímil pola primaria debería ser a dunha dotación orzamentaria necesaria, suficiente, estable e definida, e dignidade para todas as súas profesionais. É necesaria para a vida da xente. E estruturas de xestión propias, porque sen autonomía a primaria non sobrevive.

Pero vostedes non cren na primaria, porque non é elitista. Nada ten que ver coas súas políticas de moqueta (*Murmurios.*) —si, si, non sopren—, de redución do gasto público, de privatización de servizos básicos. Nós si apostamos pola primaria, e por iso votaremos a favor desta moción. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Teño que recoñecer, señora Prado, que, despois de seis anos e medio coincidindo con vostede neste Parlamento, hoxe sorprendeume, e non o digo nin polo ton nin polo seu discurso repetitivo, que levamos escoitando todos estes anos, senón polo contido e a oportunidade desta iniciativa que trae aquí, tamén pola facilidade e a tranquilidade coa que vostede di aquí cifras falsas e queda tan ancha.

Está claro que a vostede non lle gustou que se desconvocara a folga da atención primaria de Galicia. Eu supoño que tampouco lle gustou que se arranxara o problema das ambulancias, o conflito laboral que había coas ambulancias. Por certo, segue vostede sen rexeitar os actos vandálicos que se produciron con motivo desa folga.

Dá a sensación de que tampouco lle gusta que os profesionais dos PAC estean en negociacións coa Consellería. Parece ser —segundo di a prensa— que se vai pasar aos profesionais unha oferta para que voten a conveniencia ou non de aceptala.



E mire, señora Prado, señorías, xa houbo esta mesma semana unha reunión da mesa sectorial na que se confirmou a constitución do comité técnico de atención primaria para o día 14 de maio. Tamén se comprometeu a Consellería nesa reunión á utilización inmediata de 3,5 millóns de euros en incremento de persoal de primaria tras a aprobación no Consello da Xunta do Anteproxecto de lei de reforzo de actuacións prioritarias, que permitirá utilizar o superávit nese eido. Falouse de novas prazas e de novos investimentos en tecnoloxía, en material e en construción, ampliación e melloras de novos centros de saúde. Negociáronse as convocatorias doutras categorías profesionais e convocouse unha nova mesa sectorial extraordinaria para esta mesma semana. Parece que os sindicatos nin se levantaron da mesa nin convocaron unha nova folga de primaria.

E, a pesar de todo, vostede, señora Prado, sorprendentemente, cunha absoluta falla de coherencia, presenta esta iniciativa. Pide mesa sectorial, e non lle serve; pide negociación, e tampouco lle serve.

Mire, o primeiro punto da súa moción, señora Prado, fala de avaliar necesidades de recursos humanos. Eu supoño que se referirá fundamentalmente aos facultativos, aos médicos, que é a categoría absolutamente deficitaria a día de hoxe, probablemente por bastante tempo. Pero o problema non é avaliar, o problema é acadar facultativos para cubrir as prazas de familia e pediatría, porque a día de hoxe resulta absolutamente imposible facelo. Pódenlle pedir ao Ministerio de Sanidade que colabore coas medidas que poden utilizarse para conseguir isto. Por iso supoño que vostedes non apoiarían a postura inicial dos facultativos de Vigo, afortunadamente en suspenso, de non formar como titores os residentes de familia que comezan a súa especialidade este ano.

¿Parecíalle a vostede, señora Prado, unha medida axeitada, unha solución para atallar os problemas de atención primaria de Vigo? Eu creo que non. Parece que a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública non comparte a postura e as exixencias do colectivo de facultativos vigueses cargando contra eles e falando de linchamento de compañeiros ou de matonismo social. ¿Con quen está o BNG, señora Prado?

Outra nova máis recente fala da quebra da Coordinadora Galega de Atención Primaria, da que se apartan a maioría dos médicos, para constituír asembleas de áreas sanitarias con facultativos de distintas áreas e precarias. Tamén abandona a coordinadora a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

Os médicos de Vigo exixen, ademais da cabeza do xerente, segundo o titular dun xornal, un mínimo de dez minutos por paciente, un máximo de consultas por día e garantías de acceso dos pacientes ao hospital, cuestións que están a tratarse nas negociacións neste momento.

¿De verdade consideran vostedes posible, a día de hoxe, na situación actual de déficit de facultativos, atender un mínimo de dez minutos e ter un máximo de consultas diarias sen menoscabar a asistencia sanitaria prioritaria da poboación enferma ou xerar unhas listas de espera insoportables? ¿De verdade, señora Miranda, de verdade? A min gustaríame coñecer algunha solución proposta por vostedes, unha soa. Porque a consellería tomou decisións e sentouse a falar.



O señor Torrado falaba de Madrid. En Madrid na elaboración do marco estratéxico dimitiron os coordinadores, os doutores Zurro e Segura, verdadeiros popes da medicina de familia. ¿E por que dimitiron? Porque falaban da ineficiencia das medidas propostas nese documento, que era por suposto moito menos ambicioso que o galego, e ademais con medidas a curto prazo absolutamente escasas.

Nas últimas aportacións feitas polo Ministerio fálase de acometer cambios normativos sen moita especificación. Pero mire, non se inclúen para nada as principais reivindicacións dos colectivos médicos, que son o financiamento e o incremento de profesionais, o que provocou que non se apoiara por parte deles este documento. Esta é a realidade do plan do Ministerio, señor Torrado, e non o que vostede dixo aquí.

As cifras reais de atención primaria expúxoas o conselleiro na interpelación, non vou repetilas.

Con respecto á estabilidade, estase en negociacións coas organizacións sindicais e sabe a señora Prado que a OPE que propón é absolutamente ilegal. Colaboren vostedes para a retirada da taxa de reposición e podería ser legal.

O resto das demandas —remato, presidente— da súa iniciativa seguirán a ser valoradas cos sindicatos e o comité técnico, e o orzamento en primaria elevarase, por suposto, en función das posibilidades económicas e necesidades concretas. Poden apoiar vostedes a lei que vai traer o Goberno a este Parlamento.

En resumo, señora Prado, deixe traballar e negociar a quen o está a facer, e acepte que lle caeu o tenderete que vostedes —e non os profesionais— montaron para desprestixiar a sanidade galega e o Goberno da Xunta de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: En primeiro lugar, eu quero mostrar o agradecemento do BNG ao apoio manifestado por En Marea e o Partido Socialista. E menos mal que vostede é orixinal, señor Núñez Centeno, menos mal que vostede non repite aquí as súas ladaíñas; a verdade é que hoxe sorprendeume, dixo tantas orixinalidades que non sei por cal empezar.

Mire, o BNG está do lado da sanidade pública, onde sempre estivemos, non en época electoral nin cando lle van mal as cousas ao Partido Popular, non. *(Aplausos.)*

Nós advertímolos, por terra, mar e aire, de que era bo que vostedes rectificaran e accederan ás demandas que chegaban por parte da sociedade galega, que estaba na rúa, e os profesionais, porque ían ter que rectificar, si ou si, pola vía dos feitos. E xa se ve que *los resultados electorales le están empujando rápidamente a esa rectificación*; mira ti por onde, mira ti por onde.



Pois imos seguir traendo aquí iniciativas, señores e señoras do Partido Popular, en tanto non estea solucionado o problema. Porque a rectificación do Partido Popular nas políticas sanitarias, que teñen na UCI a atención primaria, non están nin se lle esperan, de verdade. Parécense máis a manobras orquestrais na escuridade que a propostas reais. Porque é evidente que as necesidades orzamentarias de atención primaria están moi por encima deses vinte millóns de euros desa solución e ese gasto do déficit que pretende agora o Partido Popular e que vostedes pretenden vender como solución cando non o é. Eu deille aquí os datos de cal é o nivel de temporalidade, cal é o nivel de precariedade, datos aportados polos propios profesionais e que vostedes non queren que se saiba realmente cales son eses datos. Nós pedímoslles en varias ocasións que puxeran en marcha estratexias para coñecer cal era esa situación.

E mire unha cousa, señor Núñez Centeno, o BNG foi quen trouxo a este Parlamento a petición de eliminación da taxa de reposición implantada polo Partido Socialista, non eliminada polo Partido Popular e que teoricamente foi aprobada por todos os grupos desta Cámara. Quen non sei que leva feito ao respecto nin por que non se soluciona desde logo non é porque o Bloque Nacionalista Galego non o tivera demandado por terra, mar e aire, a uns e a outros que teñen a responsabilidade de solucionalo.

Mire, os profesionais e a poboación saben que o que necesita a atención primaria é orzamento; por iso demandamos como mínimo 223 millóns de euros. Necesítase capacidade de planificar; por iso demandamos xerencias de atención primaria con esa capacidade de resolución. Necesitan máis persoal; por iso o demandamos, por iso demandamos estabilidade, por iso demandamos que o Partido Popular remate con esa política laboral de ter os profesionais nunha situación dende logo inaceptábel. Necesítase dar solución aos problemas dos PAC, que a día de hoxe están sen solucionar; co cal, se está en camiño, ¿por que non votan a favor?, ¿por que non votan a favor? E os profesionais o que necesitan é tempo, ter máis tempo para consultas, e acabar con esta situación.

E esas son as cuestións que demandamos nesta iniciativa e que seguiremos demandando, porque non están solucionadas nin practicamente encetadas. Hai promesas por aí voando, pero dende logo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...alternativas reais, non, porque o Partido Popular non quere dar alternativas, porque sabe perfectamente que isto foi unha aposta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...ideolóxica premeditada e feita á mantenta para ter a sanidade pública na situación na que a teñen. Pero, insisto en que rectificarán...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...ou, se non, alguén fará o traballo que vostedes non fan.



Moitas grazas. (Aplausos.)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en materia laboral en relación co dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista.

Hai unha emenda, que non foi aceptada, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos. (Murmurios.)

¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Piden a votación por puntos. ¿Acepta a votación por puntos, señora Blanco? (A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.) Eu non entendo, non oio nada. ¿Acéptalla? Non lla acepta.

Entón, comezamos a votación.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso e planificación da educación infantil de 0 a 3 anos



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a mellora da atención primaria

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor, que terminaron as votacións.

Continuamos co punto segundo, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa cota de reserva establecida no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001067, doc. núm. 11763).

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

<<A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:



1. *Dar conta semestralmente na Cámara galega do seguimento e avaliación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, así como do grao de consecución dos obxectivos previstos en base aos informes que se elaboren ao respecto.*
2. *Poñer en marcha unha campaña para fomentar a sensibilización e o coñecemento da lexislación vixente en materia de integración das persoas con discapacidade na empresa privada.*
3. *Garantir o cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, en todos os centros de traballo da Administración pública galega.*
4. *Establecer novas medidas específicas de apoio ao emprego de persoas con discapacidade nos pregos de contratación de bens e/ou servizos da Administración pública galega.*

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. *Reforzar as actuacións da Inspección do Traballo na vixilancia do cumprimento da cota de reserva de emprego para persoas con discapacidade, segundo o establecido no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.*
2. *Promover unha reforma da lexislación para seguir mantendo a prestación familiar por fillo con discapacidade a cargo, no caso de que este teña uns ingresos anuais procedentes de rendementos do traballo por enriba do 100 por cento do SMI.»)*

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 10/PNP-001067 (11763).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto do punto 2 da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«2. Garantir o cumprimento da lexislación en materia de contratos en relación ao cumprimento da cota de reserva ou das medidas alternativas para acceder a contratos públicos do sector público autonómico, así como introducir cláusulas sociais na contratación pública que incentiven ás empresas que implanten medidas para o impulso da inserción laboral de persoas con discapacidade, entre outras».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, co permiso precisamente do presidente, nesta primeira intervención non podíamos deixar ou non podo deixar de dicirlle ao Grupo Popular de Galicia que, pese a que por primeira vez perderan as eleccións en corenta anos, como dicía a señora



Paula Prado, porque a dopaxe electoral, o financiamento irregular, a manipulación informativa, as cloacas de Interior que utilizaron contra a oposición, en concreto contra Pablo Iglesias, e xunto co xiro ultrarreaccionario do seu xefe Casado, non funcionou; a cidadanía aplicoulles un gran correctivo histórico, que consideramos absolutamente necesario en termos democráticos, que para nós é o maior alivio e tranquilidade, máis alá dos resultados que puidésemos obter, xa que contribúen a un fin que para nós é o fundamental, que é ter unha Galicia e un Estado español progresista e sensato.

Pero miren, a pesar das súas accións, nós seguimos na mesma liña e considerámoslos a vostedes, aos membros do PP, como interlocutores válidos, porque son os cidadáns cos seus votos os que quitan ou non a lexitimidade ou a interlocución aos que estamos nesta Cámara.

Non puidemos debater esta iniciativa no ano 2017 —vostedes sábeno— coa dignidade que merecen as persoas con diversidade funcional, e por iso propuxen no meu grupo traer de novo esta iniciativa xusto despois das eleccións, porque nós si que non imos frivolar con isto nunca, como fixo o Partido Popular de Galicia daquela —e dígoo alto e claro—, unha, pola parte que me toca, por partida dobre, e outra, polas persoas que teñen algunha diversidade funcional, coma min, para vivir en igualdade.

Quero dar as grazas por iso de novo ao BNG e ao Partido Socialista de Galicia, en concreto a Patricia Vilán, ao deputado Villoslada e a Luís Bará, por levantarse aquel día da comisión, por non considerar aceptable esa forma de facer política e por tratar de maneira frívola un tema tan importante e transcendental, e tamén pola súa suxestión daquela, que tivemos en conta, de que isto era unha iniciativa para traer ao pleno e non para unha comisión, e por iso o anunciamos e aquí está, no momento en que a cidadanía falou alto e claro sobre que país queren e cales son as súas prioridades, que quedou claro que non é a confrontación, senón que traíamos iniciativas deste tipo.

E, malia que non lles gusten, seguiremoslles dicindo as cousas de forma clara á cara, con realidade, mentres non poidamos mudar en Galicia as cousas tamén, e non imos deixar por iso de traballar para construír esa Galicia de forma ardua e contundente.

Hai milleiros de historias cheas de loita, historias nas que a superación e o esforzo son a clave do éxito e que demostra que as persoas con diversidade funcional podemos dar unha visión distinta e enriquecedora da vida se os poderes públicos non fan políticas de caridade e de subsidio para nós, senón políticas de construción social e igualitaria, facendo discriminacións positivas ata que a sociedade, que toca construír por arriba e tamén por abaixo, madure e avance ata que sexan innecesarias as ditas correccións.

Non estamos nese momento. Polo tanto, son absolutamente necesarias medidas correctivas para facilitar a integración en igualdade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...das persoas con distintas diversidades, porque as persoas con diversidade funcional temos necesidades especiais pero tamén temos capacidades es-



peciais, xunto cunha visión diferente das cousas, que significa unha aportación tan diferente como valiosa non só para as propias empresas senón para toda a sociedade en xeral.

Por poñer información máis concreta enriba da mesa, como fixemos daquela, segundo os datos de 2017 —e non mudou en nada a situación—, o Instituto Galego de Estatística xa apuntaba que máis do 8 % da poboación galega presentaba unha discapacidade igual ou superior ao 33 %. Falamos disto hai un ano e de que unha porcentaxe da poboación tan importante da sociedade galega non tiña unha resposta axeitada á súa situación especial.

E corresponde a todas as administracións (á galega, á local e á central) favorecer a inclusión no eido laboral das persoas con diversidade funcionais, aumentando o seu nivel de independencia, de autonomía, de xeito que isto nos permita rachar tamén —e dunha vez por todas— co estigma instaurado en certos sectores da sociedade e do sector empresarial, como, por exemplo, que as persoas con diversidade funcionais son menos capaces de cumprir os seus obxectivos empresariais ou que supostamente sexamos menos eficientes cando desenvolvemos as nosas tarefas nos postos de traballo; e xa non digamos se as que teñen a diversidade funcional son mulleres e viven no rural.

Os datos non menten e así queda reflectido, por exemplo, nos altos índices de paro que presentan as persoas con diversidade funcional, que habitualmente están por riba dez puntos da media. Chama a atención, por exemplo, as persoas que presentan ademais algún tipo de problema mental ou intelectual, onde as taxas de desemprego poden chegar a superar o 40 %, nin máis nin menos.

Por desgraza, as taxas de actividade son escandalosamente baixas. Galicia ten a taxa de actividade máis baixa de todo o Estado; tíña en 2017 e tena en 2019, aínda que aos encargados destas áreas non lles interesa escoitar, polo que se ve. No ano 2017, igual que este ano, están ao redor do 23 % as persoas que teñen algún tipo de discapacidade e traballan na comunidade autónoma, no país galego, e que teñen un posto, por estatística, vinte e tres de cada cen persoas con diversidade funcional, unha cifra baixísima.

Estes datos, por exemplo, podémolos comparar coa Comunidade de Madrid, que seguen estando ao redor do 42 %, e en Euskadi, que están ao redor ao 39 %. Que Galicia siga estando na última posición a día de hoxe neste *ranking* é algo que debería preocupar non só ao Goberno galego da maioría absoluta de Feijóo, senón a todos os partidos que hoxe estamos aquí tamén na oposición, aos que, de feito, nos preocupa, e xa o manifestamos en distintas ocasións e tamén cando se presentou a primeira vez esta iniciativa. Porque queda claro que queda moito camiño por percorrer e que as políticas públicas que se intentan impulsar para a integración laboral deste colectivo, do meu colectivo, non están a ser o suficientemente eficientes.

De feito, pese ás medidas e axudas de contratación existentes, subvencións, bonificacións das cotas da Seguridade Social ou deducións sobre o imposto de sociedades, máis do 80 % das empresas, máis do 80 % das empresas, que é un dato escandaloso, non respectan a normativa legal, incumprindo a cota de reserva para persoas con diversidade funcional. É un escándalo o dato, é un escándalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



É que é habitual xa que non escoiten e, sobre todo, en temas que son tan importantes, (*Murmurios.*) temas tan importantes; non lles interesa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. Continúe, por favor. Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Concretamente, o artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...do 29 de novembro..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...indica que será necesario para aquelas empresas de máis de cincuenta traballadores e traballadoras, tanto públicas como privadas, reservar polo menos dous de cada cen postos para persoas con diversidade funcional. Por desgraza, a situación hoxe en día é moi distinta ao que di a lei... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Desculpe un momento, señora Santos. Perdoe, desculpe un momento.

Silencio. Levo pedindo silencio varias veces. Os que teñan que falar que saian fóra, por favor. Silencio. Silencio. Silencio.

Grazas, continúe.

A señora SANTOS QUEIRUGA: A normativa indica que sería necesario que aquelas empresas de máis de cincuenta traballadores, tanto públicas como privadas, deberían reservar polo menos dous de cada cen postos para persoas con diversidade funcional. E isto non se cumpre. Volvo repetir: incúmpreno o 80 % das empresas.

E dende o noso grupo nós só queremos que se defenda e se faga cumprir a normativa legal vixente, loitando de maneira efectiva e proactiva para que se cumpra a cota de reservas de persoas con diversidade funcional, tanto no sector público como no sector privado. Por iso, un dos puntos que levamos nesta PNL é que ningunha empresa poida acceder a contratos ou subvencións públicas mentres non acredite que cumpren coa normativa legal vixente e acredite que respecta a cota de reserva fixada ou, no seu defecto, que elabore as medidas alternativas necesarias. Igual que o dicíamos para o feminismo, cremos que neste caso, pola discriminación tamén que sofren as mulleres neste eido, é fundamental que se cumpra e se faga cumprir.

Nós cremos dende o noso grupo que estas medidas, estas iniciativas axudan a aumentar a empregabilidade das persoas con diversidade funcional, xa que, como comentamos anteriormente, a taxa de actividade deste colectivo en Galicia é a máis baixa do Estado e segue sen mellorar, segue sen mellorar. É unha vergonza que esteamos á cola neste eido.



E se nos centramos en temas específicos sobre os traballadores e traballadoras públicas autonómicas, onde, si, debido á presión estatal ou cambio de normativas estatais —e xa hai un abismo dende que eu opositei, no ano 2005, onde non se cumprían as normativas a nivel galego—, agora si que se cumpre o de cubrir unha porcentaxe non inferior ao 7 % das prazas convocadas para que sexan cubertas con persoas con diversidade e que se poidan acadar o 2 % dos efectivos totais beneficiarios da oferta de emprego público.

Pero tamén é certo que, aínda que en Galicia se fixo a previsión de que para persoas con discapacidade ou diversidade funcional que ademais teñan de maneira engadida problemas mentais hai unha convocatoria específica, é totalmente insuficiente. Entón, polo tanto, sabemos que estas persoas teñen ademais sobre un 40 % de paro —ou sexa, que a súa situación é moitísimo máis grave— e o número de prazas que se lles reservan están sobre uns trinta e tres postos, o cal é anecdótico e insuficiente.

É certo que dende a Xunta algo se iniciou, tamén en cumprimento das normativas estatais, pero dende logo consideramos que hai que avanzar moitísimo máis. Por iso os dous puntos desta iniciativa parécennos fundamentais, unha, porque está por un lado posicionarnos en defender que se respecte a normativa legal en relación co tema das cotas reservadas para as persoas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...nas empresas públicas, fundamentalmente nas empresas privadas, que é onde máis se incumpre, onde segundo os datos somos a cola de España, e —repito— un 80 % é inasumible...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e nós cremos que ninguén pode negarse a isto e que é absolutamente fundamental que atendamos este tipo de necesidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Hoxe, que tanto se fala en todas partes, nos medios de comunicación, todos aquí tamén na tribuna, de éxitos electorais ou fracasos electorais, permítanme que faga referencia a un éxito electoral que creo que é de todos e de todas e aconteceu onte: que por primeira vez nunhas eleccións xerais máis de cen mil persoas con discapacidade intelectual, con



enfermidade mental ou con deterioración cognitiva puideron exercer o seu dereito a voto. (Aplausos.)

Nós cremos que é algo importante e por iso o impulsamos. O Partido Socialista impulsouno na Asemblea de Madrid, impulsouno tamén no Congreso dos Deputados. Creemos que é importante para seguir camiñando por esa senda do progreso social, noutro éxito que si é un éxito electoral que tivo onte o Partido Socialista e que seguiremos facendo tamén da man do Goberno de España.

Pero queda moito por facer, non soamente en termos de inclusión, senón tamén incluso do propio recoñecemento da discapacidade. Hai un ano, en abril de 2018, aprobabamos nesta Cámara unha iniciativa do PSdeG onde pediamos o incremento destes equipos de valoración co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018. Ben, estamos en abril de 2019 e este acordo segue a incumprirse. Estes días, estas últimas semanas coñecemos a través das traballadoras de Política Social de Pontevedra que a plantilla segue a ser insuficiente, tanto que 263 persoas faleceron nesta provincia no ano 2018 mentres esperaban esta valoración. ¿Consecuencia de que? Consecuencia dun goberno que considera as políticas de discapacidade unha maría, un goberno falto de empatía e falto de sensibilidade, porque soamente se pode explicar desta maneira esta tremenda aberración.

Pero xa indo á iniciativa, o acceso ao mercado de traballo —e dicímolo moitas veces— para as persoas con discapacidade —éoo para todos pero para estas persoas máis—, é unha das principais vías de integración social. Por iso é precisamente unha das súas maiores aspiracións e, á vista dos datos e da realidade, tamén unha das súas maiores frustracións. Os datos son preocupantes en toda España, pero o certo é que en Galicia son moito peores que na media nacional. Son peores en menor taxa de formación educativa superior, na taxa máis baixa de actividade, a diferenza salarial coas persoas que non teñen discapacidade das maiores de toda España.

E nós presentamos unha emenda precisamente para reforzar un pouco esta iniciativa, porque cremos que a Xunta de Galicia non pode seguir mirando para outro lado. Ten que dar conta e comezar polo básico. Dar conta desa Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 —da que nada máis volvemos saber unha vez que se colgou na web—, garantir ese cumprimento da cota de reserva, un control exhaustivo deses centros especiais de emprego, que xa teñen un propio convenio moi inferior aos convenios sectoriais. Pero, ademais de aumentar esa actividade da Inspección, esa actividade sancionadora, a Xunta de Galicia debe tamén dar exemplo e estender o control a outro ámbito, ao relacionado tamén coa propia contratación pública.

Nós, dende o Goberno de España, incrementámolo e volvemos incluílo tamén nesta iniciativa, porque é un compromiso que temos e cremos que é necesario incrementar ese labor da Inspección de Traballo, e tamén promover unha reforma da lexislación para seguir mantendo a prestación familiar por fillo con discapacidade a cargo no caso tamén de que teñan uns ingresos anuais procedentes de rendementos de traballo que sexan por encima do 100 % do salario mínimo interprofesional.



Trátase, en fin, de reforzar unha iniciativa que nos dirixa para seguir camiñando cara ao progreso social, unha iniciativa que nos permita avanzar cara a unha sociedade na que ter diferentes capacidades non signifique ter menos oportunidades tampouco no ámbito laboral.

Nada máis e moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Eu non vou perder nin un segundo en contestar nada do que se falou, porque me parece que é un tema suficientemente importante e no que nós nunca frivlizamos coas persoas con discapacidade. O que si quero dicirlle, señora Blanco, é que compartimos absolutamente o éxito, que é un éxito de todos, de que cen mil persoas con discapacidade puideran votar por primeira vez onte nas eleccións xerais. *(Aplausos.)*

A iniciativa que trae o Grupo de En Marea hoxe, que se basea na defensa da cota de reserva do artigo 42 da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, é unha defensa na que nós, dende o Grupo Popular, concordamos absolutamente. De feito, a política que ten desenvolvido a Xunta nos dous últimos anos vai nesa liña. Vostede citouno na súa intervención. A primeira convocatoria que se celebrou na historia da Autonomía de Galicia foi convocada polo actual Goberno galego, hai dous anos, en abril de 2017; e a segunda convocatoria hai un ano, en abril de 2018, cando se volveron celebrar unhas segundas oposicións para persoas con discapacidade intelectual. Iso si que é apostar con feitos polo emprego inclusivo. Tamén está incluído, como vostede sabe, na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 e na Lei de emprego público.

Pero, centrándonos na súa iniciativa, no cumprimento do artigo 42, que é o obxecto desta iniciativa, voulle dar datos, señora Santos. As persoas con discapacidade que prestan servizos na Administración da Comunidade Autónoma en decembro de 2018 alcanzaban o 4 %, porcentaxe superior ao 2 %. O persoal funcionario de carreira, 4,10 %, e o interino, 2,96 %; entre o persoal laboral fixo, 4,81 %, e temporal, 3,35 %. E, por non estenderme, exemplos como na Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza, un 2,93 %, e na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, un 6,49 %. Por tanto, señorías, estamos a falar de porcentaxes moito maiores das exixidas polo artigo 42. Iso é compromiso co emprego inclusivo.

É importante tamén destacar o labor que fai a Inspección de Traballo da Seguridade Social, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emprego. Desenvolve anualmente unha campaña de vixilancia e información sobre as empresas con máis de cincuenta traballadores que conten no seu cadro de persoal con polo menos un 2 % de traballadores con discapacidade, e vixía



tamén que se cumpra coa obriga de remitir no primeiro trimestre de cada ano a este Servizo Público de Emprego a relación detallada dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade, levantándose actas de infraccións coas súas correspondentes sancións.

Por outra banda, para impulsar o emprego inclusivo, nos orzamentos da Consellería de Economía deste ano inclúense máis de quince millóns de euros para poñer en marcha programas específicos, que vostede coñecerá, a través de axudas para os cento nove centros especiais de emprego, para contratación de persoas con capacidades diferentes nas empresas galegas. Por exemplo, o programa Galicia emprega, con incentivos de oito mil euros para contratación inicial e dezaseis mil euros para contratos indefinidos. Isto é compromiso co emprego inclusivo, aínda que hai que facer moito máis —totalmente de acordo—.

Respecto da acreditación da cota de reserva para acceder a contratos públicos, xa é obrigatoria por lei. A Lei de contratos do ano 2017, no artigo 71, unha lei aprobada por un goberno do Partido Popular, no apartado d), di que «está prohibido contratar con empresas que no cumplan el requisito de que al menos el 2 % de sus empleados sean trabajadores con discapacidad». Así mesmo, tamén na Lei de racionalización do sector público autonómico, regúlase desde 2015 unha contía de contratos públicos para centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral; en 2018 fixouse nun 3 % sobre os contratos marcados pola lei. E tamén quero recordar que, na propia lei, a guía de cláusulas sociais da Xunta prevé que, ademais de cumprir a cota de reserva, en caso de empate de dúas empresas que van contratar coa Administración, utilízase como criterio de desempate o feito de que unha empresa mellore e supere esa porcentaxe do 2 %.

Respecto do tema dos beneficios fiscais, como vostede sabe, no de normativa autonómica, este é o motivo polo que presentamos a emenda no punto segundo, e estamos de acordo co punto primeiro.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: E, dende logo —remato, señor presidente—, todos os que aquí estamos, todos e todas, estou certa de que queremos o mellor para as persoas con discapacidade. Eu creo que sería bo, de verdade, para todos, recoñecer o que se está facendo ben e apoialo e seguir avanzando; como vostede di, é importante avanzar neste tema. Por iso pensamos que poden aceptar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: ...—remato, señor presidente— a nosa emenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galgo, a señora Rodil Fernández.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Rodríguez–Vispo, con todo o cariño, quen a escoite tamén parece que vivísemos nun mundo feliz e que os datos que se acaban de referenciar hai un momento non nos situasen no primeiro posto, pero pola cola, en canto a inserción laboral.

E centrando o debate en relación coa iniciativa que presenta hoxe a señora Santos, centrando o debate, o que estamos é falando da construción dunha sociedade inclusiva, xusta, pero sobre todo democrática, sobre todo democrática. E creo que precisamente esa referencia á conquista no ano 2019 do dereito a voto nunhas eleccións xerais a máis de cen mil persoas que estaban excluídas do dereito democrático a poder participar na elección das súas representantes e dos seus representantes públicos, que van ser as persoas ou somos dalgunha maneira as que temos que tomar as decisións políticas que poden condicionar as súas vidas, dános boa conta de cal é o grao de avance.

Avanzouse, efectivamente, pero entendemos —e creo que ese é o fondo da cuestión que hoxe aquí se somete a debate— que vai a un ritmo excesivamente demorado e que esa demora na consecución desa inclusión real e efectiva o que está é vetando ou mantendo nas marxes ou excluindo de dereitos democráticos fundamentais unha parte da nosa sociedade. Creo que ese é o centro da cuestión.

E iso pasa, polo tanto, desde o ámbito público, desde o ámbito político, por garantir as mesmas oportunidades, equidade e xustiza social no acceso ás oportunidades para toda a poboación, axustándose efectivamente ás capacidades distintas, diversas, que calquera das que estamos aquí temos —que ninguén crea o contrario—.

E iso pasa, polo tanto, por deixar de excluír e de manter nas marxes —insisto—, por combater e erradicar calquera forma de discriminación, pero tamén por desenvolver políticas de acción positiva que rematen con esa situación absolutamente afastada do que debe ser unha sociedade verdadeiramente inclusiva, verdadeiramente xusta e que se considere democrática.

E, nese sentido, esas accións, que son as que se referencian nese real decreto no ano 2013 no que ten que ver co ámbito laboral, veñen ser tamén a condición para garantir un dereito fundamental, porque o dereito ao traballo é un dereito fundamental inherente a calquera persoa polo simple feito de o sermos e que está ligado con outra cuestión básica, que é garantir o dereito a ter unha vida, dentro desas distintas capacidades, desas distintas condicións que cada persoa temos, o máis autónoma e o máis independente posíbel, non única e exclusivamente no que ten que ver cos salarios senón ligado a esas condicións materiais, tamén á capacidade para decidir ter unha vida ou outra.

E nese sentido nós apoiamos a iniciativa e veremos finalmente como queda ao fío das emendas que se presentaron. Pero eu, simplemente, unha cuestión no que ten que ver coa Administración. A Administración xoga un papel fundamental —e témolo falado moitas veces—



no que ten que ver en materia de xénero tamén e noutro tipo de discriminacións que existen na nosa sociedade, ten unha responsabilidade e unha capacidade moi potente como empregadora, porque ten unha capacidade como empregadora fundamental como contratante, coas cláusulas sociais que aquí xa temos defendido en materia de discapacidade ou de calquera outra forma de discriminación, pero, sobre todo, tamén como goberno; é dicir, hai unha responsabilidade de velar porque todo ámbito público pero sobre todo ámbito privado teñan que cumprir con esas condicións que se recollen nese decreto do ano 2013 coa reserva dunha porcentaxe de prazas e a garantía polo tanto de que teñen esa oportunidade as persoas con discapacidade tamén de optar a un posto de traballo.

Cremos que para iso é fundamental non só que se recollan os dereitos —témolo dito moitas veces— no papel, que é imprescindible, pero sobre todo verdadeiramente velar porque eses dereitos se materialicen e se cumpran. Para iso é fundamental esa Inspección de Traballo da que fala a emenda do Partido Socialista, e temos que —con isto remato— ter en conta que á fin e ao cabo non é trivializar, é que estamos falando de que hai unha parte da nosa sociedade que está excluída dos seus dereitos fundamentais e dos seus dereitos básicos, e calquera sociedade que se pretenda dicir a si propia como democrática non pode manter iso por máis tempo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, queremos darlles as grazas ao Partido Socialista de Galicia e ao BNG polo seu apoio a esta iniciativa e as súas aportacións, que agora comentarei. E tamén quero darlle as grazas á señora Rodríguez-Vispo porque, efectivamente —eu comparto con vostede outra comisión—, nunca frivolizou con estes temas. É unha mágoa que na comisión non pasara exactamente o mesmo, pero a vostede eu recoñézolle dende logo que é impecable sempre no seu traballo e no seu labor parlamentario nestas cuestións.

Iso si, non podemos compartir e eu non podo compartir —ademais, porque coñezo de primeira man a realidade— ese mundo galego que amosou cando estamos á cola de España en integración de persoas con diversidade funcionais; estamos á cola, somos os últimos do Estado. E por iso parécenos acaída a emenda do Partido Socialista, porque é un dos puntos nos que pivota fundamentalmente a iniciativa. Se hai un incumprimento do 80 % das empresas das cotas que teñen que ter aseguradas por lei as persoas con diversidade funcional, é gravísimo. Entón, o Goberno galego ten unha responsabilidade política para que se faga cumprir a lei neste eido.

Ademais, as persoas con diversidade funcional nin queremos caridade nin queremos subsidios nin queremos nada diso. E o que non se pode é pretender que nos conformemos con acceder ás ofertas de emprego público, que están moi ben —eu fun a primeira que o



fixo—, a traballar na Administración pública para asegurar unha estabilidade e unhas condicións de traballo, e, ademais, considero que facemos un papel moi bo, igual que os outros funcionarios e funcionarias, asumindo que temos certas limitacións en certos postos de traballo, cada un nun eido distinto segundo a súa diversidade, pero a min non me quedou outro remedio.

Pero a min gustaríame que nunha empresa o meu Goberno na Xunta obrigara a cumprir a lei para poder acceder a un posto de traballo na empresa privada. E iso non está pasando. Os datos son escalofrantes en Galicia, son os peores do Estado. Polo tanto, o Partido Popular —vale— fixo algunha cousa ben, como esas ofertas especiais no caso da saúde mental e discapacidade intelectual, pero é que o resto é unha xestión nefasta, nefasta; somos os últimos do Estado.

E a nós non nos parece menor darlles maior visibilidade pública ás persoas con todos os tipos distintos de diversidade, porque, efectivamente, é un dereito, ter un dereito ao traballo, á parte do dereito a exercer o voto democraticamente de forma histórica nestas eleccións —cen mil persoas puideron participar—, pero tamén debe ser un dereito democrático ter un traballo digno en igualdade, non por caridade, por igualdade, por inclusión, por igualdade, por ter xustiza social. E, ademais, repito que as mulleres no rural son as grandes prexudicadas deste tipo de prácticas das empresas.

Entón, non é menor que a Xunta exclúa as empresas que incumpran a cota legal establecida. Ben, pois eu dígolle: eu tiven acceso por exemplo a un prego de requisitos dunha subvención outorgada polo Igape para a internacionalización de pemes na que nas condicións que se pedían...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...—remato, porque é importante— para acceder a ela en ningún momento se fai unha mención específica a se se cumpría coa normativa legal vixente sobre a cota reservada para persoas con diversidade funcional. E, non obstante, si era unha obriga recoñecida nos pregos o de estar ao corrente do pago de Facenda, que é normal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

Posiciónese sobre as emendas, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Entón, non se está cumprindo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Santos, entendo que...

A señora SANTOS QUEIRUGA: Sobre as emendas, si que aceptaríamos a emenda do Partido Socialista, e sobre a emenda do Partido Popular eu prefiro que nos sentemos a falar e que vexamos que encaixe pode ter e poidamos chegar a un acordo neste eido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moi ben, moitas grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e D. José Manuel Pérez Seco, sobre a modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para as e os produtores do leite

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 44048 [10/PNP-003282].

Emenda de modificación.

Proponse modificar a parte resolutiva, que quedaría redactada así:

<<...apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras dotándoas de base territorial, incorporando xente moza a novas unidades produtivas ben dimensionadas, cun seguimento público...>>.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde novamente a todas e a todos.

Case sería innecesario o relato, reiterativo e obvio, de cuestións básicas e elementais e sobradamente coñecidas que serven de base a toda iniciativa que xire ao redor do rural.

Ás veces temos a sensación de predicar no deserto, de que esta é unha batalla perdida, de que os nosos ouvintes somos soamente nós mesmos, de que estamos nunha loita desigual, sen posibilidade de éxito, de que temos repetido tantas e tantas veces os datos, os argumentos e as propostas que nos dan a razón pero que non é recoñecida polos que teñen a posibilidade de converter esa razón en feitos, que nos invita a non persistir.

Parece razoable ter a dúbida da persistencia, de abandonar nós tamén, pero estou seguro, por experiencia propia —tamén allea—, de que só son dúbidas ocasionais. Ao final, no fondo, sempre nos pesa máis o soño do rural, a ilusión dun rural dinámico, multifuncional, cheo de vida, tamén —¿por que non?— bucólico, ateigado de recordos, de cultura, de patrimonio, de futuro. Chegado a este punto, case sería innecesario reiteralo, pero recoñezo que sería un erro.



O abandono do reiterativo sería un erro e o silencio aínda sería un erro maior. Por iso me nego a non ser reiterativo co rural, e por iso invito a todos a ser reiterativos nas denuncias do maltrato do rural e reivindicativos na solución das múltiples carencias que o rural ten. (*Aplausos.*)

Porque Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial da comunidade autónoma, a pesar das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito. Así, o chamado medio rural avanza na despoboación e abandono das terras, identificándose cada día máis coa desertización. E non digo isto con pesimismo nin con intención pexorativa; máis ben é un lamento, a frustración do que non somos no rural, a pesar do enorme potencial do que dispoñemos nese rural.

Ademais, Galicia necesita reequilibrar o enorme desequilibrio que existe hoxe entre o rural e o urbano: no urbano vive o setenta e cinco ou o oitenta por cento da poboación ocupando o vinte ou o trinta por cento do territorio, e no rural vive o vinte e cinco ou o trinta por cento da poboación ocupando o setenta ou o oitenta por cento do territorio. Non parece aceptable este escenario de debilidade do rural; este escenario non invita a non ser reiterativo na denuncia e, moito menos, a non ser reivindicativo. Porque este desequilibrio limita e mesmo reduce o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, naturais, de emprego, medioambientais, etcétera.

É preciso, polo tanto, atallar esa dinámica negativa e promover políticas activas que superen esta situación en campos como a fixación de poboación no rural; a incorporación da mocidade ao rural para garantir o relevo xeracional e mesmo para explorar novas oportunidades de actividade e emprego; o mantemento e a potenciación do sector lácteo, co impulso ao establecemento e apertura de plantas de transformación láctea en Galicia, así como a mellora na comercialización do leite; o aumento do peso dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores de leite, etcétera.

Seguro que hai moitos máis campos nos que actuar no rural galego, e as políticas activas deben chegar a eles. Teño a convicción de que, se somos activistas permanentes e persistentes do rural, acadaremos un medio rural máis vivo, máis dinámico, máis sostible e, dende logo, máis habitable. En definitiva, un medio rural galego moito mellor, incorporando a naturalidade do seu progreso.

Neste contexto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta esta proposición non de lei que atinxe, na súa xeneralidade, ás estruturas produtivas agrogandeiras e, na súa singularidade, ao obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrogandeiros na cadea de valor. Literalmente, a nosa proposta reza: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución do obxectivo do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os e as produtoras do leite».

O actual mapa lácteo de Galicia parécese pouco ao que existía hai vinte e cinco anos. Daquela, o censo de explotacións estaba en setenta mil, espalladas por todo o territorio, e hoxe esta-



mos en sete mil catrocentas —a décima parte—, concentradas maioritariamente en catro comarcas do norte de Lugo e de Pontevedra e do interior da Coruña: a comarca da Terra Chá, a comarca do Deza, a comarca de Ordes e a comarca do Xallas. Daquela, tamén —hai vinte e cinco anos—, a produción era de 1,5 millóns de toneladas; en 2018 foi case o dobre de toneladas: 2,7 millóns de toneladas.

Hoxe Galicia produce o corenta por cento do leite de España. O incremento de produción foi moi significativo nos vinte e cinco principais concellos lácteos da comunidade, nembargantes, esta evolución á alza dos volumes de leite producido, que mantén a Galicia como referente de produción láctea en España, non vén acompañada polos ingresos correspondentes aos produtores; de feito, os produtores galegos son os que rexistran os pagos en orixe máis baixos de toda Europa. É, polo tanto, unha evidencia que existe unha brecha entre a industria e os gandeiros produtores de leite; unha brecha que, de non corrixiarse, pode poñer en risco a sustentabilidade das explotacións.

Hai varios motivos que xustifican as importantes diferenzas de prezo en orixe entre o leite galego e o do conxunto de Europa; só vou a nomear algúns deles: primeiro, a ausencia dunha industria transformadora que oriente a súa actividade —ou parte dela— a transformar o leite en produtos de alto valor engadido; segundo, a falla dun tecido cooperativo potente capaz de actuar nas diferentes fases da cadea láctea; terceiro, a necesidade de aumentar a base territorial das explotacións coa finalidade de evitar a compra de forraxe e pensos foráneos; e un máis, a ausencia de man de obra cualificada, que obriga a que as explotacións gandeiras teñan dificultades para que o seu traballo do día a día se leve a cabo con normalidade. Como dixeran, son algúns deles; hai moitos máis que non nomeo neste momento.

É evidente que hai que actuar para garantir a sustentabilidade das explotacións. Necesitamos dunha maior participación dos produtores na comercialización e industrialización, tendo en conta o desfase existente entre a produción e a industrialización do leite en Galicia. Para iso, é imprescindible facer fronte a estes retos de forma conxunta, con acordos básicos entre as dúas partes de produción e industria —e tamén da distribución alimentaria—, contando, ademais, cun apoio efectivo por parte das administracións, e coa non belixerancia por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Obviamente, pedimos o apoio dos grupos a esta nosa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Eu non sei, señorías, se desenvolver a miña intervención cunha frase en galego de cada catro ou cinco en español, para parecer, aos ollos do mundo, como un deputado moderno



practicando un bilingüismo harmónico, tal e como fixo onte o xefe de filas do Partido Popular —cada vez menos— de Galicia. (*Aplausos.*) E se, de vez en cando, inclúo un par de palabras en inglés, mellor que mellor. *Claro que yo no les iba tener problemas, y, por lo tanto, vou seguir coa fala que é solidaria co meu pobo, que é o pobo do galego.*

Pero vou quedarme coa palabra modernidade ou, mellor, co concepto de modernización. Hai quen circunscribe a modernización ao uso de novas tecnoloxías sen ter en conta outros aspectos, case sempre ao servizo de producir máis en menor tempo e, por veces, trastocando o que a realidade con sentido común pide e marca. Explotacións de seiscentas, oitocentas ou mil vacas leiteiras cunha base territorial exigua xeran unha dependencia exterior que, tarde ou cedo, pasa factura. A proliferación de maquinaria sobredimensionada a respecto das parcelas pode volveuse en contra da viabilidade económica e da saúde dos solos.

Facer ou promocionar explotacións sostibles no tempo, no medio e no económico non é modernidade, porque o modelo cara ao que camiñamos leva anos inducendo a un desfase entre base territorial e dimensión das explotacións, a un exceso de maquinaria e ao abandono do territorio e da ocupación. Non se pode xogar todo á carta do leite: silvicultura e primeira transformación, diversificación e produción sa e respectuosa co medio ambiente.

¿Diminuír os gastos en alimentación aumentando a base territorial, reducir a maquinaria innecesaria e aumentar a vida produtiva dos animais cun manexo menos estresante non é modernidade? ¿Utilizar a ocupación espallada da xente, como foi sempre o noso modus vivendi, facilitando unha xestión do territorio e un aproveitamento da súa biomasa é atraso? E, sobre todo, ¿procurar que a transformación dos produtos primarios que xera o rural se faga alí mesmo, no rural, aproveitando o valor engadido e fixando poboación é volver ao pasado innomeable? ¿Reducir as posibilidades económicas do rural ao leite líquido, á carne en canal e ao eucalipto que é, atraso ou modernización? Pero, sobre todo, deixar o rural e as súas posibilidades ao sálvese quen poida do liberalismo, ou o que é o mesmo, renunciar á función dun goberno a incidir cun modelo exposto e ratificado polas urnas, deixando o futuro en mans de empresas e grupos privados, ¿que é?

Porque o noso rural ten características para sentar de novo poboación dinámica e moza que xestiona o territorio producindo alimentos, madeiras en bruto e mais elaborados. Tomar en serio este reto é gobernar e mais servir un pobo e un país modificando as tendencias demográficas negativas.

¿Para cando unhas oficinas agrarias comarcais dotadas do persoal que lles corresponde, ao servizo do campo e do seu desenvolvemento, e non o que temos agora a mercé do desleixo do Partido Popular? Que promovan e transmitan a investigación e asesoren, canalicen e instiguen iniciativas innovadoras. ¿Lembran a PNL que botaron abaixo o outro día, contravindo a legalidade marcada mesmo polo Partido Popular? ¿Cando van querer promocionar e protexer as pequenas explotacións con centros comarcais dotados de salas de despece, envasado ao vacío, fabricación de queixos artesanais, conservas, etcétera? Promoción en serio do pequeno comercio de produtos locais: ¿cando? Toda modernidade debería ser encauzada polas características estruturais e posibilidades do país, debidamente consultados os expertos —que os hai—; e volvemos ás oficinas comarcais agrarias, debidamente dotadas.



Creo, señorías, que vai debidamente explicada a nosa emenda, que só pretende incluír este concepto de modernidade na parte resolutiva da súa PNL.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

Ben, dende En Marea non imos deixar de apostar nunca por esta modernización destas estruturas produtivas, agrarias e gandeiras. O do seguimento público penso que xa non debería nin estar neste debate; o que leva fondos públicos é para utilízalos ben, non para especular con eles. O mesmo no que atinxe ao verificable no relativo aos seus resultados anuais para medir os seus obxectivos.

Entendo que esta proposición non de lei pasará este trámite sen ningún tipo de problema, ao ser un dos lemas máis recorrentes nesta lexislatura do rural, cunha modernización que a consellería nos vende como un piar dun proxecto de país para os nosos sectores agrogandeiros que, en realidade, non existe.

Resulta que esta modernización —cando vén— e as axudas son tan inaccesibles, en moitos casos, para a pequena e a mediana explotación que só as alcanzan os de sempre e as de sempre, as grandes empresas. Eu vou poñer un exemplo: o *Diario Oficial de Galicia* deste 26 de abril —do venres— traía unha serie de axudas: Identificación e optimización de novas fontes de proteína vexetal para a alimentación de polos de curral ecolóxicos: Coren, 80.000 euros. Produción de plantas aromáticas para a mellora da produción avícola (carne e ovos): Coren, 80.000 euros. Estudo de alternativas de alimentación en gando vacún para a mellora do perfil proteico do leite 100 % galego, incrementando a súa aptitude queixeira na produción de queixo autóctono tipo Arzúa-Ulloa: Coren, 78.000 euros. Estratexias de produción de vacún de carne máis eficientes a través da mellora da alimentación, medio ambiente e benestar animal: Coren, 79.000 euros. ¡Home!, douscentos corenta mil euros, señor Fernández... Eu creo que apostar apostan pola modernización, o que pasa é que ben podían diversificar un pouco estas axudas e favorecer tamén eses pequenos produtores e eses pequenos comercializadores e comercializadoras que están comezando a súa actividade agrogandeira.

Destes exemplos temos para aburrir. O pasado 15 de xaneiro, falando de viñedo, vimos como xa na convocatoria do ano pasado, nestas subvencións, foron as grandes adegas as que se beneficiaron, en detrimento das pequenas e dos viticultores e viticultoras ou colleiteiros. Ademais, foi a Comunidade Autónoma da Rioxa a que levou gran cantidade deste pastel. Cinco grandes adegas acapararon o corenta e tres por cento destas axudas. Cando o señor conselleiro do Medio Rural aquí nos fala dunha repartición máis xusta na política agraria común para pequenos e pequenas produtoras, non entendemos moi ben por que aquí non



se aplica tamén o conto e fai exactamente o mesmo. Temos que distribuír un pouquiño mellor e facilitar a aqueles e aquelas que están comezando a súa actividade no agro.

Tamén ocorre —isto xa non pasa só na Consellería do Medio Rural— que hai empresas e grandes cooperativas cunha información privilexiada que se están a beneficiar claramente destas accións, en detrimento doutras granxas e explotacións máis necesitadas destes fondos, para a modernización, neste caso.

Fálase tamén, nesta iniciativa, de leite: concordo totalmente co señor Fernández. Primeiro, seguimos no furgón da cola da Unión Europea en canto a prezo percibido por litro de leite na granxa. Somos o sexto país da Unión Europea cun prezo máis baixo en orixe, sempre por debaixo dos trinta e dous céntimos, mentres que a media na Unión Europea se sitúa arredor de trinta e cinco. Todo isto porque non temos unha verdadeira industria de transformación, toda unha verdadeira industria que deixe aquí ese valor engadido, senón que nolo levan para empresas de fóra; un leite de moita calidade que o están levando para empresas de fóra para transformar.

Ante a pasividade, se cadra, da Xunta de Galicia, están xurdindo iniciativas, como a que presentou un sindicato este 25 de abril, un proxecto fermoso que se chama «¿Quen é o xefe? A marca do consumidor, ou a marca da consumidora»; esta iniciativa naceu en Francia. Os consumidores e as consumidoras eliximos como queremos que sexan os alimentos que consumimos e remuneramos cun prezo xusto a produtores e produtoras. Trátase dun diálogo necesario produción-consumo, onde tamén debería de estar, neste caso, a Administración. Por unha banda, son as propias consumidoras e consumidores os que van dicir como queremos que sexa o noso leite —falando de leite—, por exemplo: de orixe galega ou non, réxime de pastoreo ou non, con transxénicos ou non, etc. etc. Ese é o camiño que hai que seguir ante a pasividade das administracións, que deberían de velar en moitos casos por que isto non pasase así.

Concordo co señor Rivas: a modernización tamén ten que ser útil. Eu sei que vai levar o portavoz do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...—vou rematando— a vendernos os avances que tivemos no noso agro, e eu entendo que é necesario. De feito, imos apoiar esta iniciativa porque pensamos que é necesaria, pero non vemos efectivo que sexa imposta, porque, se é imposta, dificilmente as actividades que se desenvolvan nos territorios van chegar a bo porto.

Aplicacións telemáticas obrigatorias, por exemplo: pensamos que isto é pouco operativo. A modernización ten que vir acompañada de formación; ten que vir acompañada de asesoramento.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

A Comisión 7ª do 28 de marzo chegou ao seguinte acordo dunha proposición non de lei do Partido Socialista: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras, cun seguimento público e verificable no relativo aos seus resultados anuais, coa finalidade de medir a consecución do obxectivo e do aumento do peso das e dos produtores agrarios e gandeiros na cadea de valor, especialmente para os produtores do leite».

Esta mesma iniciativa, como dicimos, foi aprobada o 28 de marzo. Entón, a verdade é que non entendo absolutamente nada de traer esta iniciativa. Ás veces pode ser que algún se arrepiña de que chegásemos a ese acordo e presente unha autoemenda porque quere modificar algo; din que tampouco había autoemenda. Non sei se é, señor Fernández, que se arrepiña daquel acordo e quería outro acordo, ou non sei se é que non se deu conta, ou que non tiñan outras iniciativas, ou que tamén estamos facendo todo tan ben que hai que volver repetir as iniciativas que aprobamos. Con todo respecto —dígollo de verdade—, non me parece serio que traia esta iniciativa. Vexo que ningún grupo dixo nada. Supoño que, se o chegamos a facer nós, nos darían unha caña terrible; xa o fan cando traemos iniciativas normais porque lles molesta; imaxínense se, ademais, repetimos algunha.

Señor Fernández, quérolle dicir que estamos encantados de aproveitar a ocasión para falar en positivo do medio rural de Galicia. Pero, señor Rodríguez Estévez, ¿que ten en contra de Coren? Xa llo dixen unha vez: é unha empresa ourensá de referencia internacional no eido agroalimentario, da que seis mil familias teñen ingresos directos ou indirectos. ¿Que lle molesta de Coren? En vez de presumir do que temos en Ourense... Non o entendo, de verdade.

¿Falamos de apostar pola modernización das estruturas produtivas agrarias e gandeiras? Por suposto que si, totalmente a favor, ¿como imos nós negarnos á modernización do campo galego? É máis, señor Fernández, en nós sempre atopará uns aliados firmes desta cuestión; non sei os outros grupos, vendo o que van votando nas diferentes iniciativas ou vendo as emendas que presentan nos orzamentos.

A modernización das explotacións agrarias é un elemento imprescindible para soste e incrementar a capacidade de competir nos mercados, conservar o medio ambiente e mellorar as condicións de vida e de traballo dos titulares das explotacións e das súas familias. ¿Que estamos a facer? ¿Que está a facer o Goberno galego?, porque parece que non se está facendo nada. Pesimismo non, pero ocultación da realidade tampouco. Para contribuír a elaborar estes obxectivos, a través do Feader existen dúas liñas de axuda: unha para a instalación de agricultores e gandeiros mozos e unha segunda liña para a modernización das explotacións agrarias. Na primeira, a instalación dos mozos, concédese unha axuda aos novos agricultores que se establezan por primeira vez nunha explotación nova ou preexistente e que permanezan na actividade agraria durante polo menos cinco anos. A concesión desta axuda está suxeita á presentación dun plan empresarial —por iso é unha axuda seria e rigorosa— que



demostre a viabilidade deste proxecto. Concédese ata un máximo de setenta mil euros, partindo dunha contía básica de vinte mil euros.

Por certo, sobre o seguimento público e os resultados anuais, nós estamos de acordo, porque aprobamos a iniciativa. ¿Pero vostedes van aceptalos? Porque, claro, cando vostedes lle preguntan ao Goberno, tanto aos directores xerais como aos conselleiros, sobre as nosas iniciativas, e lles damos os datos das novas incorporacións das axudas, vostedes din que son falsos, que non son verdade. Entón, van aceptalos se lles axuda e se lles é favorable ao seu discurso; se non, dirán que non valen. Nós imos aceptalos digan o que digan.

Quero aproveitar tamén a ocasión que nos brinda o señor Fernández para desmentir algún mantra que vostedes repiten. Por exemplo, cando insisten en que hai que volver poñer os recursos nos fondos que adicaba o Bipartito para a incorporación dos mozos: eu digo que non, falso, e vou demostralo. Ano 2007, número de expedientes: 543; axuda total: 12,09 millóns de euros; axuda media por expediente: 22.259 euros. Ano 2016, número de expedientes: 618; axuda en millóns total: 24,3 millóns; axuda media por explotación: 39.362 euros. Se xuntamos os tres últimos anos, falamos de preto de mil cincocentos expedientes cunha axuda media de 36.150 euros, un incremento do setenta e catro por cento en axudas do que daba o Goberno bipartito.

Respecto ao segundo eixo de axudas, os plans de mellora para a modernización das estruturas produtivas das explotacións galegas, de forma —como dicían aquí— que poida aumentar a base territorial, aumentar o seu rendemento e incrementar a competitividade cun adecuado dimensionamento, quero dicir que tamén existe unha boa liña de axudas e tamén quero comparar para desmentir outro mantra. Ano 2007, axuda media: 20.649 euros. Ano 2017, axuda media: 57.783 euros, case o triplo que adicaban vostedes. Penso que non poden vir con ese discurso pesimista e catastrofista. Nós nunca negamos que existan problemas, pero queremos apostar polas solucións.

E remato, señor presidente. Quero lembrar, antes de rematar, unha vez máis, que ningunha solicitude —repito, e xa o dixen máis veces: ningunha solicitude— para a incorporación de mozos ou melloras das estruturas queda sen atender por falta de recursos públicos. E, polo tanto, nós dicimos, o Grupo Parlamentario Popular di: si á modernización, si á innovación e si á mellora do rural galego. Temos presentado moitas iniciativas neste sentido e, por suposto, votaremos novamente a favor desta proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, queremos agradecer o apoio de todos os grupos parlamentarios: do Bloque Nacionalista Galego, de En Marea e tamén do Partido Popular.



Señor Blanco Paradelo, véñollo dicindo continuamente: reiteración e reivindicación do rural. E non me cansarei de dicilo nesta cámara, non me cansarei de dicilo, porque necesitan a presenza de todos os grupos á vista das necesidades que teñen.

Mire, a situación das comercializadoras e industrias do leite evoluciona positivamente, principalmente en datos económicos. A situación na que se atopan os gandeiros e gandeiras segue unha evolución negativa, e os socialistas xa advertimos que os orzamentos de Galicia para o 2019 son insuficientes para reverter esa situación. Os orzamentos, dende logo, non parecen reflectir un impulso suficiente para darlle un xiro a esta situación, e dende o noso punto de vista, dende logo, non casan coa «lexislatura do rural».

Señorías, na sesión plenaria do 26 de marzo de 2019 deuse lectura nesta cámara, coa aceptación de todos os grupos, a unha declaración institucional a prol do sector lácteo galego. Permítanme que extracte a declaración e que extraia os contidos máis próximos á iniciativa que estamos a debater.

A declaración sitúanos, en primeiro lugar, no contexto: «O sector lácteo é un sector estratéxico para Galicia e un dos piares do sostemento económico e demográfico de moitas comarcas rurais. Achega o 1,7 % do PIB galego, pero ten un impacto real na economía moi superior polo forte encadeamento con outras ramas de actividade».

A declaración tamén nos mostra a actual situación do sector lácteo: «O sector presenta problemas nos que cómpre traballar xuntos para garantir o seu futuro». «No eido da industria, esta caracterízase pola súa debilidade estrutural e a súa orientación cara a derivados simples, (...) premendo á baixa os prezos que reciben os produtores». «Ademais, e como mecanismo para o fortalecemento conxunto do sector, precísanse medidas para lograr unha distribución equitativa do valor ao longo da cadea. Concretamente, unha modificación do paquete lácteo que elimine as asimetrías existentes nos tres elos da cadea e flexibilizar os requisitos de constitución das organizacións de produtores lácteos».

Este parlamento comprometeuse a traballar nestas liñas, e noutras, contidas na Declaración institucional a prol do sector lácteo galego.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Para concluír, necesitamos, polo tanto, dunha maior participación dos produtores na comercialización e industrialización, tendo en conta o desfasamento existente entre a produción e a industrialización do leite en Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Facer fronte a estes retos deberá ser —debería de ser— un asunto prioritario en Galicia pola elevada dependencia na produción de leite da agricultura, e a economía das zonas rurais debería contar cun plan estratéxico da produción e industrialización do leite.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Imos aceptar, falando de emendas, a emenda do BNG, incorporándoa á nosa proposición non de lei.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e sete minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

